

Proposta de resolución con RESOLUCIÓN sobre a aprobación dos criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, da Estratexia de Desenvolvemento Local do grupo de desenvolvemento rural de Galicia GDR 16 Asociación de Desenvolvemento Rural Pontevedra Norte

I. ANTECEDENTES

1. O Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, a Axencia), na súa xuntanza do 20 de abril de 2022, acordou aprobar as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño de futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023 (código de procedemento MR701F). Dito acordo publicouse mediante Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG nº 105, do 2 de xuño).

De conformidade co artigo 18 das indicadas bases reguladoras, mediante a Resolución do 19 de setembro de 2022, a directora xeral da Axencia, por delegación do Consello de Dirección desta, seleccionou 24 organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027.

2. A Resolución da directora xeral da Axencia do 27 de abril de 2023, estableceu as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas (DOG nº 89, do 10 de maio).

Instruído o procedemento, a directora xeral da Axencia, mediante Resolución do 7 de decembro de 2023, seleccionou e aprobou as estratexias de desenvolvemento local, así como as entidades colaboradoras na intervención Leader de Galicia para o período 2023-2027. A dita Resolución foi rectificada pola Resolución do 20 de maio de 2024.

A selección quedou condicionada a que todas as asociacións adecúen os procedementos de selección de proxectos ao disposto nos artigos 16 a 21 da Resolución do 27 de abril de 2023.

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal





3. A xunta directiva do grupo de desenvolvemento rural 16 Asociación de Desenvolvemento Rural Pontevedra Norte aprobou os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, das súas Estratexias de Desenvolvemento Local.
4. O GDR 16 Asociación de Desenvolvemento Rural Pontevedra Norte remitiu á Axencia os citados criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, para a súa aprobación, segundo o cadro achegado:

Data aprobación xunta directiva	Data remisión Agader, nº rexistro	
07/07/2023	07/07/2023	2023/2006244
	19/03/2025	2025/790431

II. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Normativa xeral e específica de aplicación

1. Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG n.º 251, do 29 de decembro), pola que se creou a Axencia como un ente de dereito público, e Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aprobou o Regulamento da Axencia (DOG n.º 77, do 20 de abril).
2. Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, que contempla a natureza da Axencia como unha axencia pública autonómica das previstas no artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (DOG n.º 94, do 21 de maio).
3. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a partir de agora LPACAP (BOE n.º 236, do 02 de outubro).
4. Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG n.º 121, do 25 de xuño).
5. Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a partir de agora RLSG (DOG n.º 20, do 29 de xaneiro).
6. Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (DOG n.º 135, do 12 de xullo).
7. Acordo do 20 de abril de 2022 do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño das futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para a aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023 (código de





- procedemento MR701F). O citado acordo publicouse mediante a Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG n.º 105, do 2 de xuño).
8. Resolución da directora xeral da Axencia do 27 de abril de 2023 pola que se estableceron as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas (DOG n.º 89, do 10 de maio).
 9. Resolución do 7 de decembro de 2023 da persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, ditada por delegación do Consello de Dirección, de selección de estratexias de desenvolvemento local e de entidades colaboradoras, así como de distribución de fondos entre as estratexias de desenvolvemento local.
 10. Resolución do 20 de maio de 2024 pola que se rectifican os erros materiais da Resolución do 7 de decembro de 2023 da persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, ditada por delegación do Consello de Dirección, de selección de estratexias de desenvolvemento local e de entidades colaboradoras, así como de distribución de fondos entre as estratexias de desenvolvemento local.

2.Competencia

A competencia para a instrución do procedemento para a selección e aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como para a selección de entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, é da Subdirección de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural, segundo o artigo 15 das bases reguladoras aprobadas o 20 de abril de 2022 polo Consello de Dirección da Axencia para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, publicadas mediante a Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG n.º 105, do 2 de xuño).

Segundo o artigo 20.7 das citadas bases reguladoras, a persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, por delegación do Consello de Dirección desta, é a competente para a aprobación das estratexias de desenvolvemento local, das que forman parte os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, aplicables na execución das citadas estratexias.

3.Valoración da documentación presentada polo GDR.

Tras a instrución do procedemento conséntase que:

-A entidade colaboradora GDR 16 Asociación de Desenvolvemento Rural Pontevedra Norte na intervención Leader de Galicia para o período 2023-2027 seleccionada pola Resolución do 7 de decembro de 2023, rectificada pola Resolución do 20 de maio de 2024, presentou ante a Axencia as normas para a xestión das estratexias de desenvolvemento local, en particular, o Plan de xestión e os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, das estratexias de desenvolvemento local.

-Que as normas referidas á estratexia do GDR 16 Asociación de Desenvolvemento Rural Pontevedra Norte conteñen, ben na súa primeira versión, ben na modificada revisada tecnicamente pola Axencia, os límites de axuda pública máxima, os criterios de selección e priorización dos proxectos (baremo, regras para a asignación das porcentaxes de axuda pública e procedemento de priorización e selección dos





proxectos que contén coa verificación favorable do informe de control de elixibilidade por parte da Axencia), así como as limitacións sectoriais e fan referencia aos mecanismos que garanten os principios de obxectividade, publicidade, imparcialidade e libre concorrência, aos procesos de toma de decisións e aos procedementos de contratación, e o procedemento para evitar conflitos de intereses nos membros dos órganos de avaliación e decisión do GDR.

-Que as ditas normas foron aprobadas polo órgano competente do GDR.

En definitiva, o GDR seleccionado adecuou os procedementos de selección de proxectos ao disposto nos artigos 16 a 21 da Resolución do 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, en particular, ás regras de puntuación e procedemento de selección dos investimentos subvencionables para operacións en apoio de terceiras persoas.

Tendo en conta os antecedentes e consideracións sinaladas,

PROPOÑO

Que se aprrobe o Plan de xestión e os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, das estratexias de desenvolvemento local do GDR 16 Asociación de Desenvolvemento Rural Pontevedra Norte que figuran como anexo deste documento.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
A subdirectora de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural
Francisca María Gago Guillán

Tendo en conta o anterior, RESOLVO:

Aprobar a proposta da Subdirectora de Relacións cos GDR nos seus propios termos.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interporse recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección da Axencia, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Compostela, no prazo de dous meses contados igualmente desde o día seguinte ao da notificación. Tamén poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime oportuno.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
O Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
(P.D.: art. 20.7 das bases reguladoras do 20.04.2022)
A directora xeral da Axencia
María Paz Rodríguez Rivera



ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL
PARTICIPATIVO
LEADER 2023-2027



AXENCIA GALEGA
DE DESENVOLVEMENTO
RURAL



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN



APARTADOS H e I

Contido

Índice de táboas	3
Consideracións previas	4
<i>H. Obxectivos</i>	<i>7</i>
H.1. Obxectivos xerais	10
H.2. Obxectivos específicos	11
H.3. Indicadores para o seguimento do nivel de consecución dos obxectivos	13
<i>I. Plan de acción</i>	<i>19</i>
I.1. Plan de xestión	19
I.2. Liñas estratéxicas e medidas ou liñas de actuación	32
I.3. Proxectos e accións específicas con impacto significativo	35
I.4. Actuacións propias de animación a realizar polo grupo	36
I.5. Plan de formación do GDR	42
I.6. Plan de cooperación e traballo en rede con outros GDR e entidades	51
I.7. Planificación temporal	64
I.8. Plan Financeiro	65
I.9. Plan de seguimento e avaliación	67
Anexos - Normas de xestión e baremo	74



ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1. Relación priorizada dos obxectivos xerais da estratexia	10
Táboa 2. Relación priorizada dos obxectivos específicos da estratexia	11
Táboa 3. Indicadores para o seguimento do nivel de consecución dos obxectivos	13
Táboa 4. Liñas estratéxicas e medidas ou propostas de actuación	32
Táboa 5. Proxectos e accións específicas con impacto significativo	35
Táboa 6. Programación das actuacións propias de animación a realizar polo grupo	39
Táboa 7. Plan de formación	50
Táboa 8. Plan de cooperación e traballo en rede	60
Táboa 9. Planificación temporal dos proxectos e actividades	64
Táboa 10. Plan financeiro	65
Táboa 11. Indicadores de resultados e avaliación	72



CONSIDERACIÓNS PREVIAS

O regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño, no seu Título III destina o Capítulo II ao desenvolvemento local participativo. Dita normativa define os posibles apoios financeiros, fixa o contido das estratexias de desenvolvemento local e a súa selección, establece as tarefas e condicións dos grupos de desenvolvemento rural como entidades encargadas de concibir e levar á práctica as estratexias, e finalmente, determina os posibles tipos de axuda, etc..

O desenvolvemento local participativo é o instrumento de política territorial que consiste en ceder a iniciativa de planificación ás comunidades locais, organizadas en asociacións público-privadas, que elaboran e executan unha estratexia de desenvolvemento para un territorio determinado aproveitando os seus propios recursos.

No mesmo consolídase que a formulación do desenvolvemento local participativo, denominado «Leader» no marco do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), ou calquera outro instrumento territorial de apoio a iniciativas deseñadas polos Estados membros, debe basearse nas estratexias de desenvolvemento territorial e local.

Conforme o artigo 2 do regulamento (UE) 2021/2115, polo que se establecen normas en relación coa axuda aos plans estratéxicos que deben elaborar os Estados membros no marco da PAC (regulamento PEPAC), establécese que o Desenvolvemento Local Participativo aplicárase á axuda financiada polo FEADER. Concretamente régúlase a través do artigo 77 que ordena a concesión de axudas á cooperación nas que se inclúen a preparación e execución das Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo definidas conforme ao regulamento 2021/1060.

Conforme ao indicado, é esencial que os grupos de acción local, que representan os intereses das comunidades locais, encárguense do deseño e a execución das estratexias de desenvolvemento local participativo. Con todo, as estratexias territoriais deben desenvolverse e apoiarse baixo a responsabilidade das autoridades ou organismos pertinentes, sendo as mesmas as encargadas da súa selección. Por tanto, a autoridade de xestión ou órgano que conteña as competencias neste ámbito, no caso actual a Agader, definirá os criterios de selección das devanditas estratexias.

Segundo recolle o Anexo C das “bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradas na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de



capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño das futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para a aprobación de estratexias de desenvolvemento local.

A proposta de Estratexia de desenvolvemento local do **GDR PONTEVEDRA NORTE** presenta os apartados **H-OBXECTIVOS** e **I-PLAN DE ACCIÓN** co contido que se indica a continuación:

A) Obxectivos

A partir das conclusións obtidas nas epígrafes anteriores, defínense os obxectivos que se pretenden acadar coa estratexia, ordenándoos de xeito xerárquico.

B) Plan de acción

Como resultado final, descríbese un plan de acción que inclúe, o seguinte contido:

- Identificación das **liñas estratéxicas e propostas de actuación** para a consecución dos obxectivos definidos no punto anterior.
- Identificación de **proxectos que terán un impacto significativo** nos obxectivos e liñas estratéxicas de actuación, identificando novos servizos, produtos e intervencións necesarios para o desenvolvemento local.
- Programación das **actuacións propias de animación** para realizar polo grupo.
- **Plan de formación** cunha planificación dos cursos, na que conste o diagnóstico do mercado laboral do territorio, a identificación dos sectores aos que se dirixirán as actividades formativas e os requisitos mínimos para a selección do persoal formador e do alumnado.
- **Plan de cooperación con outros GDR e entidades**, onde se identifiquen as sinerxías con outros grupos ou territorios e as fórmulas de colaboración futuras mediante proxectos de cooperación ou novas formas de colaboración e accións concretas para desenvolver.
- **Normas para a xestión** da estratexia de desenvolvemento local, en particular, o plan de xestión e criterios de selección aplicables.
- **Plan financeiro** do gasto público previsto.
- **Plan de Seguimento e Avaliación da Estratexia**



ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO LEADER 2023-2027

EPÍGRAFE “H”



EPÍGRAFE H. OBXECTIVOS

O Desenvolvemento Local Participativo é o instrumento de política territorial que responde o reto principal de conseguir un desenvolvemento equilibrado, utilizando os principios metodolóxicos Leader. O método Leader consiste en ceder a iniciativa de planificación ás comunidades locais, que, organizadas en asociacións público-privadas como os Grupos de desenvolvemento rural, elaboran e executan unha estratexia de desenvolvemento para un territorio determinado aproveitando os seus recursos. Este enfoque ascendente implica un reto de dinamización social para conseguir unha maior implicación da poboación na solución dos problemas comúns que lles afectan e un maior compromiso nas actuacións que proxectan e débese traducir nun aumento da gobernanza local.

A estratexia de desenvolvemento local é o documento a través do cal o territorio pon en liza esta gobernanza e polo tanto a liña de acción a seguir para acadar os obxectivos que o territorio se propoña para rachar cos desequilibrios propios do territorio rural.

Para elo, e sempre tendo en conta as principais directrices europeas, os GDR deben de delimitar cales son os seu principais obstáculos e cales son a apostas estratéxicas para solventar os mesmos, sempre tendo en conta que o que se pretende en todo caso é:

- Fomentar a creación de emprego, atendendo ás necesidades dos sectores tradicionais agrícola, gandeiro, e forestal, así como o apoio a PEMES noutras actividades en apoio á diversificación da economía rural, favorecendo a formación, a innovación e aos emprendedores.
- Utilización eficiente dos recursos naturais e o mantemento, conservación e recuperación do patrimonio cultural, histórico, arquitectónico e medio ambiental e a súa valorización e explotación sostible
- Mellora dos servizos públicos e a calidade de vida, que axude a paliar o déficit de oportunidades respecto do medio urbano, con especial atención á poboación máis desfavorecida ou en risco de exclusión.

Para o establecemento dos obxectivos que se definen deseguido tívose en conta de xeito preferente a análise socioeconómica realizada na fase previa a redacción desta epígrafe (Epígrafe B) xunto coas conclusión extraídas no proceso participativo relacionado no Epígrafe A.

Esta fase de definición estratéxica dou como consecuencia unha DAFO que se relaciona a continuación e cuxo resultados son os que, ben para potenciar os seus



valores positivos ou para corrixir os desequilibrios provintes dos seus valores negativos, se ten en conta a hora de xustificar cada obxectivo xeral ou específico.

DAFO

Debilidades

- 1 Escaseza de chan industrial para o desenvolvemento de empresas que xeren altos números de empregos
- 2 Envellecemento da poboación e perda de poboación en tódolos ámbitos poboacionais(rural e urbano)
- 3 Falta de persoal cualificado na administración pública para afrontar o reto da dixitalización, o cambio climático, e a sostenibilidade.
- 4 Deficiente formación para autónomos e Pemes en conceptos claves de futuro como a dixitalización ou as medidas de aforro enerxético
- 5 Baixo número de prazas de aloxamento destinadas ao turismo de alto poder adquisitivo
- 6 Inexistencia de acceso a fibra óptica na áreas máis rurais do territorio o cal dificulta o acceso ao uso das TICs
- 7 Estancamento dos procesos de reordenación da propiedade (concentracións parcelarias) que dificultan a competitividade no sector agrogandeiro
- 8 Falta de relevo xeneracional nos negocios tradicionais
- 9 Falta de oferta pública e privada en gardería infantís e residencias para maiores
- 10 A excesiva burocracia dificulta a creación de empresas e de emprego

Ameazas

- 1 Perda de poboación, migración da poboación activa cara áreas con máis dinamismo económico (ciudades)
- 2 A falta de servizos básicos como as garderías, atención a dependentes, ou o acceso a internet pode provocar o abandono do territorio por parte da poboación mais xoven
- 3 Os cambios normativos que regulan todos aspectos relacionados coa xestión do territorio e o emprendemento (Unión europea, AGE e CCAA) poden desincentivar o mesmo e a creación de emprego no territorio.
- 4 A alta inflación das materias primas supón un risco para a sostenibilidade das empresas de dependentes das mesmas moi numerosas no territorio
- 5 A subida dos combustibles e os custes directos de produción relacionados co agro supoñen unha forte ameaza para un sector estratéxico do territorio
- 6 A falta de persoal cualificado en sectores como a construción, hostalaría e industria dificultan a competitividade das empresas existentes dos diferentes sectores.



7	A deslocalización de empresas cara a territorios emerxentes con menos nivel impositivo, menos burocracia e menos trabas ao emprendemento
8	Desaparición das oportunidades de creación de empresas vinculadas ás novas tecnoloxías debido as dificultades de conexión a internet e polo tanto desaparición da economía innovadora
9	A falta de servizos nas áreas rurais pode provocar un desenvolvemento a dúas velocidades dentro do territorio
10	A baixa natalidade pode provocar desaparición de servizos públicos pola perda de poboación que conleva

Fortalezas	
1	Ubicación estratéxica no Centro da CCAA de Galicia, con boa conectividade e acceso a diferentes vías de alta capacidade por carretera que o sitúan a unha hora das principais cidades de Galicia.
2	Proximidade á estación do tren de Alta Velocidade (AVE) e o aeroporto, que fan que o territorio estea preto das grandes urbes económicas do Estado e de Europa
3	Un sector turístico que aposta pola calidade con preto de 100 establecementos distinguidos entre a marca de calidade turística SIDTEC e a "Q" de calidade
4	Unha boa imaxe de calidade dos produtos agroalimentarios nun territorio primeira potencia no sector lácteo e no sector da carne de porcino e vacún.
5	A existencia no territorio de dous camiños de Santiago (Inverno e Mozárabe) e outras dúas Rutas Xacobeas (Camiño da Geira e Vía dos Holandeses)
6	O conxunto do patrimonio histórico-artístico tanto no relativo a arquitectura civil como relixiosa, posibilita a creación dunha oferta turística desestacionalizada
7	O conxunto de lugares de alto valor natural, ecolóxico, ambiental e paisaxístico (Rede Natura 2000 e Rede Galega de Espazos Protexidos), incluíndo un dos 8 monumentos naturais de Galicia.
8	Unha alta vocación emprendedora creou un tecido empresarial tradicional moi consolidado e con arraigo no territorio
9	Riqueza forestal nun monte semiordeado e con poucas áreas de abandono. Existencia de alta densidade de frondosas autóctonas.
10	Unha gastronomía recoñecida e de calidade que xunto as festas de carácter gastronómico dos diferentes concellos atraen a milleiros de visitantes cada ano.

Oportunidades	
1	As novas políticas comunitarias de desenvolvemento rural baseadas na sustentabilidade, a produción en ecolóxico e a estratexia da "Granxa a mesa" supoñen un impulso cara o mercado dos produtos agroalimentarios de



	calidade
2	As axudas NextGeneration como panca de acceso a modernización das empresas (dixitalizandoas) ou como formula para favorecer o nacemento de novas iniciativas.
3	As axudas europeas para diminuír a dependencia enerxética e fomentar o autoconsumo(fotovoltaica, térmica, eólica, etc..)
4	O AVE sitúa o territorio a menos de tres hora do maior mercado turístico de España: Madrid
5	A saturación do Camiño Francés de Santiago e o aumento do numero de peregrinos potenciará as rutas oficias menos transitadas como o Camiño de Inverno ou a Ruta da Prata, e mesmo a Rutas xacobeas non oficializadas como a Ruta da Geira e o Camiño do Holandeses.
6	O crecemento do mercado nacional de produtos ecolóxicos e gourmet, incrementará a cadea de valor dos produtos agroalimentarios do territorio.
7	O aumento do teletraballo pode favorecer o "back to rural" (volta ao rural) da poboación máis xoven que desenvolve a súa actividade laboral nos núcleos máis urbanos.
8	O incremento de consumo de carnes "roxas" e aplicación da estratexia do sector cárnico promovida pola Consellería de Medio Rural pode deixar maiores marxeas ao sector de carne de vacún.
9	A nova normativa de artesanía alimentaria e os distintivos de calidade asoaciados suporán un impulso aos novos artesáns e facilita o acceso os mesmos aos mercados nacionais e internacionais
10	Os cambios no mercado turístico favorecen a territorios como o de Pontevedra Norte cunha gran riqueza cultural e etnográfica con tradicións milenarias como a Rapa das Bestas.

H.1. OBXECTIVOS XERAIS

Táboa 1. Relación priorizada dos obxectivos xerais da estratexia

Orde	Obxectivos xerais	Liña estratéxica da U.E. 2023-2027
1º	Mellora da eficiencia enerxética e emprego de enerxías limpas	Emprego Innovación Cambio climático Eficiencia enerxética
2º	Desenvolvemento económico e mellora da competitividade	Emprego Innovación
3º	Aplicación da estratexia europea "DA GRANXA A MESA"	Emprego Innovación Cambio climático Loita contra a pobreza
4º	Plan de Dixitalización	Emprego



5º	Servicios básicos asistenciais	Innovación Emprego
6º	Medidas de responsabilidade social	Emprego Cambio climático Loita contra a pobreza Educación
7º	Conservación do patrimonio rural (patrimonial e natural)	Emprego Cambio climático Educación
8º	Medidas de Cooperación Pública - Pública Pública - Privada	Emprego Innovación Cambio climático Eficiencia enerxética Loita contra a pobreza Educación

H.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Táboa 2. Relación priorizada dos obxectivos específicos da estratexia

Orde	Obxectivos específicos	Obxectivo(os) xeral(ais) ao(s) que se vincula
1º	1.1 Apoiar a implantación de empresas de enerxías renovables 1.2 Fomentar a eficiencia enerxética nas explotacións agrarias 1.3 Reducir o gasto enerxético en iniciativas privadas e públicas 1.4 Impulsar actividades económicas vinculadas coa produción e xestión de Biomasa 1.5 Promover o Emprego das enerxías limpas nos procesos industriais 1.6 Respalda a creación de comunidades enerxéticas locais	MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA E EMPREGO DE ENERXÍAS LIMPAS
2º	2.1 Axudar á modernización de empresas de economía rural e mellorar a súa competitividade 2.2 Fomentar o autoemprego 2.3 Asesorar aos emprendedores na xeración de novas oportunidades 2.4 Promocionar os produtos agroalimentarios do territorio en feiras e certames 2.5. Potenciar o turismo de natureza (agroturismo, enoturismo,...)	DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E MELLORA DA COMPETITIVIDADE



	2.6. Impulsar a creación de startups	
3º	3.1 Desenvolver programas de valorización e comercialización dos produtos agroalimentarios do territorio. 3.2 Respalda programas de comercialización de produtos Km0. 3.3 Animar á relación da venda agroalimentaria e o agroturismo 3.4 Estimular a Economía Circular 3.5 Impulsar a recuperación de terras abandonadas para a creación ou ampliación de actividades agrarias. 3.6 Formar na redución da pegada de carbono e da contaminación por malas prácticas agrarias	APLICACIÓN DA ESTRATEXIA EUROPEA "DA GRANXA A MESA"
4º	4.1. Incrementar a dixitalización nos procesos de produción, comercialización e control de calidade mellorando a competitividade 4.2. Fomentar a implantación da intelixencia artificial no entorno laboral, favorecendo a seguridade de información e o teletraballo 4.3. Aplicabilidade das ferramentas dixitais nas medidas relacionadas coa asistencia a colectivos dependentes e maiores. 4.4 Asesorar no acceso á administración electrónica. 4.5 Impulsar a creación de startups.	PLAN DE DIXITALIZACIÓN
5º	5.1 Intensificar a economía dos coidados a maiores, menores e dependentes. 5.2 Impulsar a creación ou mellora de espazos asistenciais (centros de día, casas niño, casas do maior,...) 5.3 Promover servizos básicos ás persoas a domicilio(enfermería, hixiene, perruquería,...) 5.4 Mellorar os servizos de transporte adaptado. 5.5 Activar proxectos de servizos sanitarios e de conciliación	SERVICIOS BÁSICOS ASISTENCIAIS
6º	6.1 Axudar á redución da brecha salarial 6.2 Mellorar a empregabilidade de colectivos desfavorecidos. 6.3 Fomentar a inclusión social (proxectos inclusivos). 6.4 Loitar contra a violencia de xénero e fomentar o empoderamento e emprendemento feminino. 6.5 Promover o transporte eléctrico e a instalación de puntos de recarga	MEDIDAS DE RESPONSABILIDADE SOCIAL
7º	7.1 Revalorizar e conservar o patrimonio natural e cultural. 7.2 Apostar por accións de mellora do medio ambiente 7.3 Preservar os valores idiosincráticos do territorio (as costumes, a lingua, a tradición cultural, o Camiño de Santiago,...) 7.4 Apoiar o desenvolvemento de actividades de turismo de	CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO RURAL (PATRIMONIAL E NATURAL)



	natureza	
8º	8.1 Favorecer a cooperación dentro de todos os obxectivos previos como medida transversal	MEDIDAS DE COOPERACIÓN PÚBLICA - PÚBLICA PÚBLICA - PRIVADA

H.3. INDICADORES PARA O SEGUIMIENTO DO NIVEL DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

Táboa 3. Indicadores para o seguimento do nivel de consecución dos obxectivos

OBXECTIVOS XERAIS			
Nº	Obxectivo	Indicador	Unidade de medida
OX1	Mellora da eficiencia enerxética e emprego de enerxías limpas	I.1. Nº de empresas creadas de enerxías renovables e xestión de residuos I.2. Nº de empresas acollidas a plans de eficiencia I.3. Axudas en compoñentes relacionados coa aplicación de renovables I.4. Investimento inducido relacionado coa aplicación de renovables I.5. Nº de proxectos que inclúan como fonte enerxética ás renovables.	Valor numérico absoluto: I.1; I.2; I.5 Miles de €: I.2; I.3
OX2	Desenvolvemento económico e mellora da competitividade	I.1. Nº de empresas creadas I.2. Nº de empresas ampliadas e/ou modernizadas I.3. Nº de sectores con axuda	Valor numérico absoluto: I.1; I.2; I.3
OX3	Aplicación da estratexia europea "DA GRANXA A MESA"	I.1. Nº de novos produtores e/ou transformadores de produtos agroalimentarios I.2. Nº de espazos públicos que se habilitan para venta en proximidade I.3. Nº de produtos integrados nos mercados de proximidade I.4. Nº de proxectos de cooperación entre entidades públicas e privadas na posta	Valor numérico absoluto: I.1; I.2; I.3; I.4 Porcentaxe:



		en valor e comercialización de produtos agroalimentario I.5. Porcentaxe de mellora da renda agraria	I.5
OX4	Plan de Dixitalización	I.1. Nº de empresas con ferramentas dixitais incorporadas I.2. Nº de empresas con canles de comercialización dixital I.3. Nº de empresas con implementación de actuación de AI (intelixencia artificial) I.4. Nº de proxectos con implantación de software I.5. Nº de start ups creadas no período,	Valor numérico absoluto: I.1; I.2; I.3; I.4; I.5
OX5	Servicios básicos asistenciais	I.1. Nº de empresas creadas de servizos asistenciais. I.2. Axuda para a instalación de empresas de servizos asistenciais I.3. Inversión inducida para a instalacións de empresas de servizos asistenciais I.4. Nº de persoas atendidas I.5. Nº de empregos creados no sector.	Valor numérico absoluto: I.1; I.4; I.5 Miles de €: I.2; I.3
OX6	Medidas de responsabilidade social	I.1. Nº de empresas que implementan Plans de Igualdade I.2. Nº de empresas que obteñen selos de calidade (ISOS, AMBIENTAL, etc..) I.3. Nº de persoas con discapacidade incorporados ao mercado de traballo. I.4. Porcentaxe de redución da brecha salarial.	Valor numérico absoluto: I.1; I.2; I.3 Porcentaxe: I.4
OX7	Conservación do patrimonio rural (patrimonial e natural)	I.1. Nº de elemento patrimoniais recuperados e/ou postos en valor (tanto no eido natural como histórico) I.2. Nº de visitantes aos elementos de actuacións.	Valor numérico absoluto: I.1; I.2
OX8	Medidas de Cooperación Pública - Pública	I.1 Nº de actuacións de cooperación público-privada I.2 Nº de actuacións pública-	Valor numérico absoluto:



	Pública - Privada	pública I.3. N° de entidades cooperantes	I.1; I.2; I3
--	-------------------	--	--------------

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS		
OE1	1.1	Apoiar a implantación de empresas de enerxías renovables
	1.2	Fomentar a eficiencia enerxética nas explotacións agrarias
	1.3	Reducir o gasto enerxético en iniciativas privadas e públicas
	1.4	Impulsar actividades económicas vinculadas coa produción e xestión de Biomasa
	1.5	Promover o Emprego das enerxías limpas nos procesos industriais
	1.6	Respaldar a creación de comunidades enerxéticas locais
INDICADORES ESPECÍFICOS		
Nº de empresas acollidas a un plan de eficiencia enerxética		
Nº de empresas que usan renovables nos seus sistemas de produción		
Nº de comunidades enerxéticas promovidas		
Nº de Kw de aforro na suma das accións do territorio		
OE2	2.1	Axudar á modernización de empresas de economía rural e mellorar a súa competitividade
	2.2	Fomentar o autoemprego
	2.3	Asesorar aos emprendedores na xeración de novas oportunidades
	2.4	Promocionar os produtos agroalimentarios do territorio en feiras e certames
	2.5.	Potenciar o turismo de natureza (agroturismo, enoturismo,...)
	2.6.	Impulsar a creación de startups
INDICADORES ESPECÍFICOS		
Nº de autoempregos creados/consolidados		
Nº de explotacións agrarias con proxectos de diversificación		
Nº de actividades de formación específica para o mercado laboral		
Nº de actividades do GDR en colaboración con outras entidades		
OE3	3.1	Desenvolver programas de valorización e comercialización dos produtos agroalimentarios do territorio.
	3.2	Respaldar programas de comercialización de produtos Km0.
	3.3	Animar á relación da venda agroalimentaria e o agroturismo
	3.4	Estimular a Economía Circular
	3.5	Impulsar a recuperación de terras abandonadas para a creación ou ampliación de actividades agrarias.
	3.6	Formar na redución da pegada de carbono e da contaminación por malas prácticas agrarias
INDICADORES ESPECÍFICOS		
Nº de proxectos de transformación agroalimentaria		
Nº de explotacións de produción en ecolóxico		
Nº de hectáreas de terra agraria en desuso recuperada		



OE4	4.1.Incrementar a dixitalización nos procesos de produción, comercialización e control de calidade mellorando a competitividade
	4.2. Fomentar a implantación da intelixencia artificial no entorno laboral, favorecendo a seguridade de información e o teletraballo
	4.3.Aplicabilidade das ferramentas dixitais nas medidas relacionadas coa asistencia a colectivos dependentes e maiores.
	4.4 Asesorar no acceso á administración electrónica.
	4.5 Impulsar a creación de startups
INDICADORES ESPECÍFICOS	
Nº de start ups creadas	
Nº de emprendedores asesorados	
Nº de empresas acollidas a un Plan de Transformación Dixital	
Nº de empresas que empregan a IA/Nº de empresas que fomentan teletraballo	
OE5	5.1 Intensificar a economía dos coidados a maiores, menores e dependentes.
	5.2 Impulsar a creación ou mellora de espazos asistenciais (centros de día, casas niño, casas do maior,...)
	5.3 Promover servizos básicos ás persoas a domicilio(enfermería, hixiene, perruquería,...)
	5.4 Mellorar os servizos de transporte adaptado.
	5.5 Activar proxectos de servizos sanitarios e de conciliación
INDICADORES ESPECÍFICOS	
Nº de maiores e/ou dependentes beneficiarios	
Nº de vehículos adaptados subvencionados	
Nº de usuarios dos proxectos orientados a conciliación	
Nº de maiores e/ou dependentes beneficiarios	
OE6	6.1 Axudar á redución da brecha salarial
	6.2 Mellorar a empregabilidade de colectivos desfavorecidos.
	6.3 Fomentar a inclusión social (proxectos inclusivos).
	6.4 Loitar contra a violencia de xénero e fomentar o empoderamento e emprendemento feminino.
	6.5 Promover o transporte eléctrico e a instalación de puntos de recarga
INDICADORES ESPECÍFICOS	
Redución dos datos de brecha salarial no territorio	
Nº de empregos de colectivos desfavorecidos(mulleres, parados de longa duración, maiores de 55, mulleres, etc..)	
Nº de vítimas de violencia de xénero	
Puntos de recarga de vehículos eléctricos instalados no territorio	
OE7	7.1 Revalorizar e conservar o patrimonio natural e cultural.
	7.2 Apostar por accións de mellora do medio ambiente
	7.3 Preservar os valores idiosincráticos do territorio (as costumes, a lingua, a tradición cultural, o Camiño de Santiago,...)
	7.4 Apoiar o desenvolvemento de actividades de turismo de natureza

INDICADORES ESPECÍFICOS	
	Nº de actuacións de valorización do patrimonio natural
	Nº de actuacións de valorización do patrimonio cultural
OE8	8.1 Favorecer a cooperación dentro de todos os obxectivos previos como medida transversal
INDICADORES ESPECÍFICOS	
	Nº de actuacións de cooperación interterritorial



ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO LEADER 2023-2027

EPÍGRAFE “I”



EPÍGRAFE I. PLAN DE ACCIÓN

A continuación descríbense as medidas que se propoñen para executar a Estratexia de Desenvolvemento Local a través das cales se destinarán as axudas do FEADER para a execución de que integrarán a Estratexia de Desenvolvemento Local (EDL), no marco do que establece a Resolución e, no que resulta aplicable, o Plan Estratéxico Nacional e os Regulamentos comunitarios de aplicación. O Plan Estratéxico Nacional sinala que as operacións deberán estar en consonancia co establecido no Regulamento de 01/06/2018 e contribuír aos obxectivos establecidos na estratexia do GDR.

Estas medidas diríxense á consecución dos obxectivos da Estratexia:

- Diversificación da economía, mellora da competitividade empresarial e innovación
- Plan de dixitalización
- Aplicación da estratexia europea "da granxa a mesa"
- Mellora da eficiencia enerxética e emprego de enerxías limpas
- Medidas de responsabilidade social
- Servicios básicos asistenciais
- Conservación do patrimonio rural (natural e etnográfico)

En base a isto e segundo o Anexo C das bases reguladoras, neste apartado descríbese o plan de acción que inclúe, o seguinte contido:

- Plan de xestión
- Identificación das liñas estratéxicas e propostas de actuación.
- Identificación de proxectos cun impacto significativo nos obxectivos e liñas estratéxicas de actuación.
- Programación das actuacións propias de animación a realizar polo grupo.
- Plan de formación cunha planificación dos cursos.
- Plan de cooperación con outros GDR e entidades.

I.1 Plan de xestión

A asociación Pontevedra Norte está integrada por un conxunto equilibrado e representativo dos interlocutores dos diferentes sectores socioeconómicos, tanto públicos como privados, con arraigo no ámbito de actuación da asociación, debendo ter tamén un carácter equilibrado e representativo no plano territorial.



Non poderán formar parte da asociación as persoas físicas e as sociedades mercantís, excepto as seguintes entidades de economía social: cooperativas, sociedades agrarias de transformación e sociedades laborais. Rexerá o principio de portas abertas, de xeito que se garanta permanentemente a incorporación de asociados.

A efectos de adopción de decisións, o sector privado, constituído polos axentes económicos e sociais así como por outros representantes da sociedade civil, deberá representar máis do 50% dos votos en todos os órganos de decisión

- ÓRGANOS COMPETENTES.

A **Asemblea Xeral** é o órgano supremo de goberno da asociación e estará integrada por todos/as os/as asociados/as.

En canto a **Xunta Directiva**, está formada polos representantes dos asociados elixidos pola asemblea xeral.

- Requisitos e procedemento para a adquisición e perda da condición de asociado.

Tal e como se indica nos estatutos sociais no **capítulo IV Asociados/as**, no **artigo 7**.

Adquisición da condición de asociado/a.

1. Para que unha entidade teña a condición de asociado/a deberá figurar na lista de fundadores o ben, unha vez constituída a asociación, solicitar o ingreso mediante un escrito dirixido ao presidente/a no que manifieste a vontade expresa de adherirse á asociación e de comprometerse coa consecución dos fines estatutarios. Debe aportar, ademais un acordo do órgano competente da entidade que exprese a vontade de ser asociado/a e a persoa titular suplente, que a representará na asociación.
2. Cando un candidato/a a ser asociado/a non teña o seu domicilio social no ámbito de actuación de esta asociación deberá demostrar que desenvolve unha actividade relevante e consolidada no tempo nese ámbito territorial.
3. Cando unha entidade solicite a entrada na asociación deberá acreditar un ano de actividade no ámbito territorial da asociación.
4. O/a presidente/a trasladará a solicitude á Xunta Directiva, que deberá resolver nun prazo non superior a dous meses desde a data de presentación, adscribíndoo se é posible polas características dos seus socios/as e/o obxecto social, ao solicitante nun dos colectivos seguintes: de mulleres; mozos; acción social; protección, conservación e mellora do medio ambiente; empresarios e asociacións profesionais; asociacións do



sector agrario, incluíndo organizacións profesionais agrarias; asociacións do sector cultural; segundo o seu interese preferente.

Contra o acordo denegatorio de admisión a solicitante poderá recorrer ante a primeira asemblea xeral que teña lugar, e deberá figurar este asunto expresamente na orde do día correspondente.

5. Non adquiren a condición de asociado/a tanto os fundadores como os membros que se incorporen con posterioridade mentres no satisfagan a cota de entrada establecida e as débedas pendentes coa asociación.

Por outro lado, tal e como se indica no **Artigo 8. Perda da condición de asociado/a.**

Calquera socio deixará de serlo cando incorra nalguna de estas circunstancias:

a) Por decisión voluntaria do/da asociado/a, comunicada por escrito ao presidente/a. b)

Por sanción imposta pola xunta directiva, de forma motivada e con audiencia do interesado/a, por incumprimento grave o reiterado das obrigas inherentes á condición de asociado/a. O acordo de expulsión notificarase por escrito e contra el caberá recurso ante a primeira asemblea xeral que se realice.

c) Por extinción da persoa xurídica representada na asociación.

Con todo a baixa da asociación por calquera motivo, non exime ao asociado de satisfacer obrigas e compromisos de calquera natureza que tivera pendente.

- Sistema de participación.

Segundo o **capítulo TÍTULO V. Órganos da asociación**, nos artigos 11 e 12, os órganos de participación na asociación son os seguintes:

- Órganos colexiados: Como mínimo a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.

- Órganos unipersoais: Como mínimo Presidente, vicepresidente, secretario e tesoureiro, que serán elixidos pola xunta directiva de entre o seus membros por un período de dous anos reelixibles ata un máximo de 8 anos consecutivos.

- Porcentaxe de participación de entidades públicas e privadas nos órganos de decisión.

Para os efectos de adopción de acordos, tanto nas reunións de xunta directiva como nas asembleas os órganos decisorios só estarán validamente constituídos cando os representantes do sector privado supoñan como mínimo o 51% dos membros presentes ou representados.

- **Mecanismos de participación dos asociados.**

Tódolos asociados poden participar nela a través da Asemblea xeral ordinaria ou extraordinaria, o a través das reunións de mesas de traballo que se vaian convocando. Tal e como indica no **Artigo 13. Asemblea xeral: convocatorias**, dos estatutos.

1. A asemblea xeral reunirase con **carácter ordinario** polo menos unha vez ao ano para aprobar, como mínimo, as contas e orzamentos.

2. A asemblea xeral poderá reunirse tamén con **carácter extraordinario** mediante convocatoria do/da presidente/a, por propia iniciativa, por acordo da xunta directiva o cando o solicite un número de asociados/as non inferior ao 10%.

- **Sistema de toma de decisións.**

Para os efectos de adopción de acordos , os órganos decisorios só estarán validamente constituídos cando os representantes do sector privado supoñan como mínimo o 51% dos membros presentes o representados.

Ademais, hai que ter en conta que calquera socio debe ausentarse nos debates e votacións sobre asuntos nos que teñan interese directo por motivos de titularidade, económicos ou societarios, de parentesco ata o terceiro grao de consanguinidade, afinidade ou adopción, o de amizade íntima ou inimidade manifesta.

Para que as declaracións de interese queden perfectamente documentadas, sempre que algún membro dos órganos decisorios teña algún tipo de relación profesional e/o persoal co promotor do proxecto Leader, o calquera tipo de interese persoal e/ou profesional no proxecto obxecto da votación, arbitrase o seguinte mecanismo.

1. Farase unha declaración expresa, asinada por tódalas persoas que participen na selección do proxecto, na que se sinala que non teñen ningún interese persoal o profesional directo na selección do citado proxecto.

2. Se un membro do comité de avaliación ou decisión ten algún tipo de relación profesional ou persoal co promotor do proxecto, o calquera interese profesional ou persoal nel, presentará unha declaración escrita explicando a natureza da relación ou interese.

Calquera interese común deberá declararse, incluídos os familiares, afectivos, políticos ou económicos.

3. Se un membro do comité de avaliación ou decisión atópase na situación descrita no parágrafo anterior, non poderá participar no proceso de avaliación ou selección, nin estar presente durante o debate da proposta do proxecto. Esta circunstancia documentarase nas seguintes actas.



4. Cando exista dúbida sobre o interese común entre algún membro do comité de avaliación ou selección, remitirase o asunto a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural- AGADER- para que adopte unha decisión sobre a efectiva existencia dun conflito de intereses.

De cada una das reunións levantarase a correspondente acta, que certificará o secretario co visto bo do presidente.

- **Composición e funcións da asemblea xeral e da xunta directiva.**

Tal e como se indica no **Artigo 12. Asemblea xeral; composición e funcións.**
A asemblea xeral é o órgano supremo de goberno da asociación e estará integrada por todos/as os/as asociados/as.

En canto ás funcións, é o órgano competente sobre os seguintes asuntos:

- a. Aprobación das contas do exercicio anterior e do orzamento do exercicio seguinte.
 - b. Aprobación da memoria de actividades e das actividades que se van a realizar.
 - c. Solicitud de declaración de utilidade pública.
 - d. Establecemento do número, composición e representatividade dos órganos da asociación que se creen.
 - e. Nomeamento dos membros da xunta directiva e cese anticipado de calquera de eles.
 - f. Decidir sobre cantas cuestións afecten á boa marcha da entidade e que sometan a súa consideración á xunta directiva o aos asociados como rogos e preguntas.
- Constitución de federacións ou integración en elas.
- g. Acordar a contía das cotas de ingreso e periódicas e a súa forma de pagamento. A asemblea poderá acordar establecer unha actualización anual non superior ao IPC.
 - h. Aprobación do regulamento de réxime interior.
 - i. Aprobación e modificación dos estatutos sociais.
 - j. Disolución da asociación.
 - k. Disposición ou alleamento de bens.

En canto á **composición da xunta directiva** (Artigo 15.Xunta directiva: composición), esta estará formada polos seguintes membros:

- Constará dun máximo de 21 membros.

En todo caso, na xunta directiva deberán estar **representados**, polo menos, os seguintes colectivos sempre e cando sexan socio e desexen formar parte da citada xunta directiva.

- As asociacións de mulleres.



- As asociacións de mozos.
- As asociacións de acción social.
- As asociacións cuxo obxecto social está relacionado, de maneira prioritaria, coa protección, conservación e/o mellora do medio ambiente.
- As asociacións do sector agrario, incluíndo as organizacións profesionais agrarias.
- As asociacións de empresarios e as asociacións profesionais.
- As asociacións do sector cultural.
- E o sector público.

O número de representantes do sector privado sempre debe ser superior ao número de representantes do sector público.

A metade dos membros renovarase cando transcorran dous anos desde a constitución da asociación, con posibilidade de reelección dos seus membros.

Os **cargos unipersonais** da xunta directiva, serán:

- o presidente/a,
- polo menos, un vicepresidente/a;
- o secretario/a e
- o tesoureiro/a.

Os membros da xunta directiva **cesarán** nos seus cargos por:

- falecemento,
- por renuncia voluntaria,
- por transcurso o prazo do mandato,
- pola extinción o baixa na asociación da entidade á que representen,
- por perder a condición de representante da entidade á que representen o
- por acordo da asemblea xeral

O cesamento levará consigo a obriga de poñer o día ao sucesor e, eventualmente, de entregarlle a documentación pertinente.

As vacantes que se produzan na xunta directiva cubriranse cós representantes dos/as asociados/as que elixa a asemblea xeral segundo o colectivo e o sector público o privado ao que pertencese o seu antecesor/a.

Tal e como se indica no **Artigo 16. Xunta directiva: funcións.**

A xunta directiva é o órgano con facultades xestoras executivas e de representación da

asociación e as súas funcións son as seguintes:

- a) Executar os acordos da asemblea xeral.
- b) Acordar o executar as accións de goberno e administración da asociación.

- c) Propoñer ou conceder axudas no marco de programas ou proxecto que xestione a asociación.
- d) Adoptar as medidas precisas para o cumprimento dos fins estatutarios e, en xeral para a boa marcha da asociación.
- e) Elaborar un informe económico anual, o orzamento, a memoria e o plan de actividades para a súa representación na asemblea xeral.
- f) Interpretar os preceptos contidos nos estatutos e no regulamento de réxime interno, de habelo.
- g) Organizar e coordinar as actividades e distribuír os traballos e responsabilidades entre os/as asociados/as.
- h) Elaborar o regulamento de réxime interior.
- i) A admisión e separación de asociados/as.
- j) Cantas deriven da lexislación ou estatutos e, en xeral, cantas facultades non estean reservadas por aquilo ou por estes ou outros órganos sociais, así como as delegadas pola asemblea xeral.
- k) Acordar as convocatorias das asembleas xerais extraordinarias.

- Convocatorias, dereitos de voto. Maiorías. Delegación de facultades.

Convocatoria Asemblea xeral:

1. A asemblea xeral se reunirá con **carácter ordinario** a lo menos unha vez o ano para aprobar, como mínimo, as contas e os orzamentos.
2. A convocatoria realizaraa o/a presidente con quinze días de antelación, polo menos, á data de reunión, remitindo a orde do día coa convocatoria.
3. A asemblea xeral reunirase con carácter extraordinario mediante convocatoria da/do presidente, por propia iniciativa, por acordo da xunta directiva o cando o solicite un número de asociados/as non inferior ao 10%.
4. A petición dos/das asociados/as realizarase mediante escrito dirixido ao presidente/a, autorizado coa firma dos/das peticionarios/as, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.
5. Cando non se convoque transcorridos dez días desde a petición, os/as peticionarios/as poderán facer a convocatoria.
6. A asemblea xeral así convocada poderá desenvolverse elixindo ao inicio dela, un/unha presidente/a e un/unha secretario/a. Se o carácter da asemblea é urgente poderá convocarse con menos tempo.



Dereitos dos votos. Maiorías e delegación de facultades. Asemblea xeral.

Para a adopción de acordos en Asemblea Xeral hai que ter en conta o seguinte:

1. Cada asociado/a terá dereito a un voto.
2. Os acordos sobre asuntos que se sinalan a continuación:
3. Aprobación das contas do exercicio anterior e do orzamento do exercicio seguinte.
4. Aprobación da memoria de actividades e das actividades que se van a realizar.
5. Solicitude de declaración de utilidade pública.
6. Establecemento do número, composición e representatividade dos órganos da asociación que se creen.
7. Nomeamento dos membros da xunta directiva e cese anticipado de calquera deles.
8. Decidir sobre cantas cuestións afecten a boa marcha da entidade e que sometan a súa consideración a xunta directiva ou asociados como rogos e preguntas.
9. Constitución de federacións e integración en elas.
10. Acordar a contía das cotas de ingreso e periódicas e a súa forma de pagamento. A asemblea poderá acordar establecer importes diferentes para asociados/as públicos/as e privados/as. A contía da cota do ingreso será igual á cota fundacional, e a asemblea poderá establecer unha actualización anual non superior ao IPC.

Aprobaranse por **maioría simple** dos/das asociados/as presentes o representados/as.

1. Con todo para os acordos sobre os asuntos seguintes:

- a) Aprobación do regulamento do réxime interior.
- b) Aprobación e modificación dos estatutos sociais.
- c) Disolución da asociación.
- d) Disposición ou alleamento de bens.

Requirirase a **maioría de dous terzos** dos/das asociados/as presentes ou representados/as para decidir sobre ditos asuntos.

1. Tódolos acordos adoptados serán de obrigado cumprimento para todos/as os/as asociados, incluso para os non asistentes.
2. Os acordos acreditaranse mediante certificacións expedidas polo/a secretario/a co visto e prace do/da presidente/a.

Convocatoria Xunta Directiva:

A xunta directiva reunirse en calquera momento mediante convocatoria do/da presidente/a, por propia iniciativa ou por instancia motivada de calquera dos seus membros, cun preaviso de 7 días naturais de antelación, e indicará os asuntos que se van a tratar na orde do día.



Dereito dos votos. Maiorías e delegación de facultades. Xunta directiva.

A xunta directiva estará validamente constituída en primeira convocatoria cando a ela concorra a maioría dos membros o, en segunda convocatoria, pasada media hora desde a fixada pola reunión en primeira convocatoria, calquera que sexa o número de membros concorrente.

En tódolos casos os membros do sector privado deberán representar mais do 51% dos votos totais.

Poderán asistir ás sesións da xunta directiva, con voz pero sen voto, persoas ou entidades alleas á xunta directiva cuxo asesoramento sexa de interese para a adopción de acordos.

1. Cada un dos membros da xunta directiva deberá nomear un suplente para o caso de ausencia, podendo tamén delegar, por escrito, noutros membros do sector público ou privado, segundo o sector ao que pertenza o ausente, cando non poidan asistir o titular e o suplente..
2. No proceso de toma de decisións, cada membro da xunta directiva ten un voto.
3. Os acordos adoptaranse por maioría simple.

- Funcións dos órganos unipersoais da asociación.

Funcións do presidente.

O presidente desempeña a representación legal da asociación, tanto en xuízo como fora del, e ten o voto de calidade en caso de empate nas votacións. Terá como funcións.

1. Dirixir, ordenar e arbitrar os debates da asemblea xeral, da xunta directiva, así como convocar as reunións, presidilas e fixar a orde do día.
2. Ordenar os gastos e pagamentos da entidade ao asinar xunto co/coa tesoureiro/a.
3. Autorizar coa súa sinatura os escritos e comunicacións necesarios para o funcionamento da asociación, así como visar os documentos que autorice o/a secretario/a, especialmente se teñen carácter de certificacións.
4. Asumir e realizar tantas encomendas como lle sexan encargadas polo acordo da xunta directiva o da asemblea xeral.
5. Visar as actas das reunión e vixiar a execución dos acordos adoptados.
6. Todas aquelas funcións que lle sexan atribuídas no regulamento do réxime interno.
7. Subscribir contratos a nome da asociación, outorgar poderes a terceiros, interpor reclamacións en vía administrativa e ante a xurisdición ordinaria e as especiais, aceptar donativos, legados, herdanzas a beneficio de inventario, exercer accións e opoñer excepcións



8. Coordinara tódalas actividades que constitúen o obxecto da asociación.
9. Exercer a xefatura do cadro de persoal da entidade.

Funcións da Vicepresidencia.

A vicepresidencia, en ausencia do/da presidente/a, exercerá tódalas función e atribucións encomendadas a este.

Funcións da Secretaría.

A secretaría correspóndenlle as seguintes funcións:

1. Actuar exercendo como tal en tódalas reunións.
2. Custodiar os libros de actas e documentación da asociación, excepto os libros de contabilidade.
3. Dirixir, organizar e coordinar o desenvolvemento das actividades administrativas da entidade.
4. Redactar e anotar nos libros correspondentes as actas das reunións da asemblea xeral, da xunta directiva e da comisión permanente, si existe, así como expedir as certificacións deles co visto e praxe de/do presidente/a.
5. Leva a correspondencia ordinaria, o rexistro e o ficheiro, así como custodiar os selos.
6. Executar os acordos estatutariamente adoptados, baixo a supervisión do/da presidente/a.
7. Redactar a memoria anual da asociación.
8. Todas aquelas que lle sexan atribuídas no regulamento do réxime interior.
9. En caso de ausencia, será substituído polo primeiro vocal.

Funcións do tesoureiro.

Ao tesoureiro correspóndenlle as seguintes funcións:

Recadar os fondos para a asociación e custodialos.

1. Efectuar los pagos acordados por el/la presidente/a.
2. Dirixir e ordenar a contabilidade, así como velar pola orde económica da asociación.
3. Elaborar o orzamento anual de ingresos e gastos, así como os balances.
4. Levar os libros de contabilidade e o inventario dos bens.
5. Todas aquelas que lle sexan atribuídas no regulamento de réxime interno.

No caso de ausencia, será substituído/a polo/la segundo/a vocal.



- DESCRICIÓN DO EQUIPO TÉCNICO E HUMANO ADSCRITO Á XESTIÓN DA ESTRATEXIA.

- Persoal adscrito á estratexia.

A ADR Terras de Pontevedra Norte, considera que o equipo técnico debe estar composto como mínimo por dúas persoas: un xerente e un administrativo para poder executar correctamente e cumprir cós obxectivos perseguidos no Programa Leader de Galicia 2023-2027.

Con todo, isto non é excluínste de que en función do volume de proxectos que se executen e o orzamento co que se conte, en momentos puntuais se necesite mais persoal técnico o que se determinará en función das necesidades do proxecto en concreto.

- Descrición dos postos e requisitos.

As características dos postos de traballo que poida contratar o GDR serán as seguintes:

- a) Xerente ou máximo responsable técnico do programa. Nas bases da contratación figurará como titulación mínima unha diplomatura universitaria.
- b) Técnico. Titulación mínima: diplomatura universitaria.
- c) Administrativo. Titulación mínima: bacharelato/FP II.

As persoas seleccionadas farán unha declaración na cal conste que non están incursas nas causas de incompatibilidade aplicables ao persoal ao servizo da Comunidade Autónoma galega, así como no caso de que cambien as circunstancias que poidan afectar a compatibilidades. O xerente ou máximo responsable técnico do programa terá dedicación exclusiva e non desempeñará cargos electos nos órganos do GDR.

Os recursos humanos comprometidos inicialmente, a expensas da financiación obtida para o Programa LEADER, é o que se relaciona a continuación:

1. Un Xerente ou Responsable Técnico do Programa que sería o responsable último da xestión ordinaria e da execución dos acordos da Asemblea ou Xunta Directiva do GDR.



2. Un técnico que se encargaría das avaliacións económicas e técnicas dos proxectos presentados, da levanza da contabilidade e doutras xestións encargadas polo Xerente.
3. Un administrativo para labores de apoio en xestións administrativas e económicas, como actualización de páxinas web, elaboración do material promocional, relación cos medios de comunicación, xestión de facturas e pagos, xestión de nóminas, apoio na elaboración das xustificacións económicas, apoio na levanza da contabilidade, etc. e doutras xestións encargadas polo Xerente.

- **Publicidade da convocatoria**

A oferta de contratación divulgarase polos seguintes medios:

- A oferta de contratación será exposta ao público nos taboleiros municipais dos Concellos adheridos.
- Publicación na páxina web de AGADER
- Publicación do anuncio de oferta nun xornal de tirada rexional.

As bases da Convocatoria estarán expostas en:

- A sede do grupo de desenvolvemento rural.
- Os concellos do territorio.
- Poderán así mesmo descargarse na páxina web de AGADER (<http://agader.xunta.es>)

- **Sistema de selección do persoal**

A selección do persoal técnico do GDR deberase efectuar atendendo ás funcións que se van a realizar no territorio.

- Mobilización, animación e dinamización: tarefas dunha especial importancia para conseguir unha efectiva participación da poboación, fomentando que xurdan novas iniciativas. Estes labores serán importantes, tanto no inicio do programa como no desenvolvemento do mesmo.
- Promoción e captación das iniciativas.
- Maduración de proxectos e apoio aos promotores.
- Apoio técnico para a selección de proxectos.
- Acompañamento dos promotores na evolución posterior dos proxectos, de forma que se siga en contacto máis aló da tramitación de axudas.

A súa contratación atenderá aos principios de libre concorrência, transparencia, publicidade e obxectividade.



- **Medios técnicos: local, medios informáticos.**

Sede social


A asociación ten a súa sede no Polígono Industrial Lalín 2000, Rúa E s/n. 36500 de Lalín - Pontevedra.

As instalacións

O local está situado nun edificio municipal que comparte espazos con outras institucións implantadas no territorio. Ten unhas dimensións de 84,75 m² e foi cedido polo municipio de Lalín no ano 2009.

Está formado por catro áreas de traballo diferenciadas:

- Unha sala de reunións para realizar actividades en grupos reducidos, cunha capacidade para 15 persoas aproximadamente.
- Un despacho cun posto de traballo para a dirección.
- Unha área común de traballo con outros 3 postos para o equipo técnico.



I.2. LIÑAS ESTRATÉXICAS E MEDIDAS OU LIÑAS DE ACTUACIÓN

Aquí recóllense as liñas estratéxicas, e para cada liña estratéxica as medidas ou liñas de actuación, para a consecución dos obxectivos definidos no apartado H.

Táboa 4. Liñas estratéxicas e medidas ou propostas de actuación

LE1 - Mellora da competitividade e desenvolvemento do tecido produtivo	
Obxectivos xerais (OX)/	OX1 – OX2 – OX3 – OX4 – OX6 – OX8
Obxectivos específicos (OE)(*)	OE1.1 a OE 1.6, OE2.1 a OE2.6, OE3.1 a OE3.6, OE4.1 a OE4.5, OE 6.1 a OE 6.5 , OE8.1
Descrición	A liña reflexa a necesidade de mellorar a competitividade empresarial, tanto nas actividades agrarias como non agrarias como fórmula de potenciar o desenvolvemento económico da zona, o que sen dubida é o principal acicate para a fixación de poboación nas áreas rurais. A innovación entendendo como tal a nova maneira de plantexar un negocio rural , sen perder a esencia da sustentabilidade territorial pero empregando os recursos que a sociedade actual ofrece tales como a dixitalización ou as novas formas de mercado, ofrecen múltiples posibilidades de diversificar económica un territorio rural que cada vez se torna menos hostil para calquera tipo de aposta sectorial. Debemos potenciar o multiservizo no rural do territorio.
Medidas ou liñas de actuación	M1.1 Desenvolvemento do tecido produtivo local mediante a adaptación das empresas actuais e/ou a creación de novas actividades de carácter innovador para a creación de emprego de calidade. M1.2 Mellorar a competitividade do sector agrario de xeito compatible coa sustentabilidade ambiental e potenciar a industria de transformación e comercialización agroalimentaria. M1.3 Fomentar a cooperación interempresarial para aproveitar a complementariedade dos recursos, habilidades e experiencias en distintas partes da cadea de valor contribuíndo así tamén á loita polo cambio climático. M1.4 Promoción do territorio como elemento diferenciador e identificador de produtos e servizos innovadores desenvolvidos no territorio do GDR. M1.5 Contribuír á redución do desequilibrio entre a oferta formativa e os requirimentos do mercado de traballo comarcal para lograr a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. M1.6 Fomentar o espírito empresarial e a cultura emprendedora na poboación, en especial entre as mulleres e a xuventude.



	M1.7 Contribuír con medidas de responsabilidade social corporativa á redución da brecha salarial, ao fomento das iniciativas de empoderamento da muller, ao fomento da inclusión social, á loita contra a violencia de xénero. M1.8 Fomentar a mellora dos servizos básicos asistenciais á poboación. M1.9 Contribuír a axudar que o relevo xeracional nas empresas se produza dunha maneira planificada e ordenada para garantir o seu desenvolvemento e continuidade.
--	--

LE2 - Conservación, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural e cultural e á sensibilización ecolóxica	
Obxectivos xerais (OX)/ Obxectivos específicos (OE)(*)	OX1 – OX3 - OX7 – OX8 OE1.1 a OE 1.6, OE3.5, OE3.6, OE 7.1 a OE7.4, OE8.1
Descrición	A Liña pretende definir como estratéxico o aproveitamento sostible do territorio. O patrimonio histórico e natural é hoxe un dos principais recursos endóxeos que o territorio oferta para afondar en tres principais cuestións: - O fomento do orgullo de pertenza a dito territorio, o que permite que a poboación ofrezca maiores anhelos de implementar os seus proxectos vitais e empresariais no mesmo. - O emprego de ditos recursos como elementos diferenciadores cara a unha atracción de visitantes con fins turísticos. Algo moi necesario nunha zona con alto valor neste sector. - O aproveitamento dos recursos históricos e naturais como cales de venta territorial asociados á posta en valor dunha sociedade respectuosa como medio, o que incide na oferta turística, pero tamén na oferta de convivencia de persoas que buscan o seu hábitat no rural. Por todo elo, o feito de establecer medidas que incidan na recuperación dos mesmos e na potenciación do seu uso deixará por un lado abertas novas posibilidades de establecer novas empresas e iniciativas vinculadas ao sector, o que favoreza o asentamento da poboación, e en segundo termo conseguir que o territorio rural gañe en resiliencia ante as emerxencias provocadas pola combinación de abandono do territorio e consecuencias do cambio climático. Todas estas actuacións deben de facerse dende os estándares



	proprios da sostiabilidade, xa que son os mesmos que garantiran unha correcta conservación do ecosistema. Para elo adquiriran importancia as pautas formativas e informativas de sensibilización ecolóxica.
Medidas ou liñas de actuación	M2.1 Mellorar o estado de conservación do patrimonio rural para a súa posta en valor mediante procesos innovadores. M2.2 Estimular o desenvolvemento de actividades rurais, tradicionais e complementarias á actividade agrogandeira (agroturismo, artesanía, etc) potenciando o emprego de calidade. M2.3 Facilitar a incorporación de sistemas de eficiencia enerxética e enerxías renovables nas empresas e nas institucións públicas. M2.4 Potenciar a xestión integral dos RSU, inertes, tóxicos, perigosos, industriais e agrogandeiros. M2.5 Elevar o nivel de conciencia ambiental colectiva do territorio, mediante a motivación e implicación da cidadanía. M2.6 Estimular o desenvolvemento de actividades rurais vinculadas a cultura, como elemento diferenciador e identificador do territorio aproveitando tamén o paso do Camiño de Santiago polo territorio. M2.7 Mellorar o aproveitamento dos recursos endóxeos de cara á diversificación produtiva e social.

LE3 - Mellora dos estándares de calidade de vida da poboación no seu medio

Obxectivos xerais (OX)/ Obxectivos específicos (OE)(*)	OX 1, OX3, OX5, OX6 OE1.2, OE1.6, OE 3.5, OE3.6 OE5.1 a OE5.5 OE6.1 a OE6.5
Descrición	Os servizos asistenciais básicos ou a conciliación familiar son dous dos eidos que máis preocupa actualmente, nun territorio cada vez máis envellecido con maior número de dependentes e con familias onde os dous pais traballan e que non é doado conciliar vida laboral e familiar, considérase esencial esta liña estratéxica con medidas de actuacións destinadas a favorecer a calidade de vida e ao desenvolvemento persoal e social. Así mesmo a responsabilidade social nos diferentes ámbitos de actuación que inflúen no respecto ás persoas é esencial para crear unha sociedade que aínda que se desenvolva economicamente en positivo, xere as condicións necesarias para conseguir un crecemento xusto e respectuoso. Non se deben arbitrar medidas de mellora do territorio sen ter presente a necesidade imperiosa de que toda a poboación sexa beneficiaria das mesmas, e por iso esta liña estratéxica debe ser tida en conta ante cada actuación de desenvolvemento.
Medidas ou liñas de actuación	M3.1 Facilitar o proceso de consolidación da identidade comarcal entre os seus habitantes e promocionar fora do



	territorio como espazo de calidade ambiental. M3.2 Contribuír ao fornecemento do tecido asociativo a través de formación e inclusión de ferramentas de xestión e de traballo en rede como vía para mitigar o cambio climático. M3.3 Fomentar a igualdade real e efectiva de mulleres e homes en todos os ámbitos da sociedade. M3.4 Fomentar a integración socio laboral da mocidade a través da educación, da inserción profesional e o ocio. M3.5 Impulsar a integración social dos colectivos en risco de exclusión mediante a mellora das condicións de vida e o fomento da súa participación na sociedade mediante procesos innovadores.
--	--

I.3. PROXECTOS E ACCIÓNS ESPECÍFICAS CON IMPACTO SIGNIFICATIVO

Na táboa que figura a continuación indícanse un proxecto específico que o GDR vai desenvolver ou impulsar, que considera relevante e con impacto significativo nos obxectivos (apartado H) e liñas estratéxicas (epígrafe I.1).

Esta reflexión pretende axudar a definir a estratexia de acción futura do grupo, identificando tamén os novos servizos, produtos e as intervencións necesarios para o desenvolvemento local do territorio.

Táboa 5. Proxectos e accións específicas con impacto significativo

Proxecto / Acción específica	CREACIÓN DUN PUNTO DE RECARGA PARA VEHICULO ELECTRICO CO FIN DE ESTABLECER CANLES DIVULGATIVAS NO TERRITORIO SOBRE A NECESIDADE DE REALIZAR UNHA TRANSICIÓN ENERXETICA VERDE
Obxectivo xeral	OX1- Desenvolvemento económico e mellora da competitividade OX3- Conservación do patrimonio rural (natural e etnográfico) OX5- Responsabilidade social
Liña estratéxica na que se enmarca	LE1 - Mellora da competitividade e desenvolvemento do tecido produtivo LE2 - Conservación, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural e cultural e á sensibilización ecolóxica LE3 - Mellora dos estándares de calidade de vida da poboación no seu medio
Tipo de	Proxecto piloto/Proxecto animación



proxecto ou acción	
Produtivo/ Non produtivo	Non Produtivo a efectos de xestión GDR con incidencia Produtiva
Descrición	O GDR Pontevedra Norte pretende polo tanto traballar nunha aposta pola divulgación da necesidade de realizar no territorio unha transición enerxética que reduza o custe relativo e o tempo posibilite a creación dun entorno máis verde sen a interacción de combustibles fósiles. Par elo quere levar a cabo un proxecto piloto que por unha vertente cree un practica real na poboación que a dirixa cara o uso dunha enerxía limpa, e por outro pretende crear un programa de divulgación e difusión deste piloto que non solo localice a aposta practica, senón que xere demandando seu uso. Para elo o GDR pretende a instalación de un punto de recarga para vehículos eléctricos SAVE (sistema de alimentación específico do vehículo eléctrico). As características do SAVE e a súa execución debe de ser acorde coa normativa vixente para acadar a posterior autorización por parte da Xefatura Provincial de Industria da Xunta de Galicia en Pontevedra e demais organismos competentes. A finalidade do proxecto é por unha banda redución de emisións contaminantes, así como redución dos custos eléctricos da compañía. Desta maneira contribuírase ao obxectivo da Comisión Europea para o ano 2030 segundo o cal o 30% do consumo enerxético na UE debe proceder de enerxías renovables. O obxectivo fixado pola Directiva Europea 28/2009/EC para España é do 20%, e reducir as emisións de CO2. O fin da instalación proposta é producir enerxía que será na súa totalidade consumida nas propias instalacións do punto de carga que será a Sede do GDR, evitárase desta maneira na medida do posible a vertedura de excedentes e desperdicios de enerxía por unha mala praxe do punto.

I.4. ACTUACIÓNS PROPIAS DE ANIMACIÓN A REALIZAR POLO GRUPO

Para manter informada á poboación local sobre as axudas que ofrece, a estratexia e sobre os resultados que se van obtendo a medida que esta se executa, e en particular para difundir os proxectos aprobados prevénse unha serie de accións que permitan a través de diversas canles facer chegar xa non so a existencia do Leader e do **GDR Pontevedra Norte** que o xestiona, senón tamén a existencia de proxectos que valoricen o territorio, apostas tanto produtivas como non produtivas con impacto real e



positivo sobre o territorio, ou mesmo a difusión da propia zona como localización apta para establecer un proxecto vital no rural galego.

Para elo planifícanse varias formulas de aplicación publicitaria e que se relacionan na seguinte listaxe:

- Publicación de noticias e información, tanto das axudas que ofrece a estratexia, como dos proxectos subvencionados, na web e nas redes sociais do GDR: Para elo pretende continuarse na elaboración de vídeos acerca de proxectos subvencionados onde non solo se realiza difusión do impacto do GDR e o seu impacto territorial senón que se achega igualmente unha ferramenta de difusión comercial ao promotor.
- Difusión nos medios de comunicación: seguiremos apostando por secuencias de emisión de spots publicitarios sobre a existencia de momentos clave no GDR como a convocatoria de axudas, reforzando a súa posición como elemento dinamizador.
- Notas de prensa e roldas de prensa cando se consideren que se pode achegar información nova e relevante.
- Espazos publicitarios para difundir eventos, cursos de formación realizados coa Estratexia sempre que o permitan os orzamentos.
- Difusión por e-mail de todas as actividades e eventos organizados subvencionados coa Estratexia a todos os membros da Asemblea, e aos beneficiarios das axudas, e ás persoas e organizacións que formaron parte do proceso de participación, así como a todas as persoas que o soliciten.
- Emprego das canles colaborativas asociadas a xestión e funcionamento do GDR (Xunta Directiva e Asemblea como liña transmisora das mensaxes e valores do Grupo).

Pero si ben é importante a animación cara a persoas externas a asociación, e igual de necesaria a animación que denominaremos “interna” orientada tanto cara os promotores e usuarios do GDR, como tamén de aqueles sectores de opinión que convivan dentro dos órganos de xestión do propio grupo.

Para elo prevese a realización de distintas actuacións para difundir os requisitos dos proxectos e beneficiarios, as operacións ou liñas de actuación existentes, e as posibles axudas:

- Rolda de prensa aos medios de comunicación locais.



- Publicación de información útil para solicitar as axudas da Estratexia na páxina web do GDR.
- Carta informativa dixital, ou incluso visita persoal por parte do persoal técnico do GDR aos concellos anunciando o inicio da execución da estratexia programada, e ofrecendo unha charla informativa aos municipios interesados.
- Charlas nos municipios e asociacións interesados.
- Información a outros técnicos de desenvolvemento de distintas entidades da comarca (principalmente ADL), ben a través dunha reunión, ou mediante entrevistas personalizadas.
- Deseño de follas informativas para todas as persoas, empresas e entidades interesadas en emprender unha iniciativa auxiliábel coa Estratexia. Recollerán a seguinte información: requisitos dos beneficiarios, trámites, documentación a entregar para solicitar a axuda, tipos de proxectos auxiliábeis, e criterios de subvención. Entregarase aos interesados que se informen na oficina do GDR, e enviarase por correo electrónico ás persoas que así o soliciten. Estas follas informativas estarán dispoñible tamén na páxina web e facilitarán os datos de contacto da oficina do **GDR Pontevedra Norte** na seguinte dirección: **Polígono Industrial Lalín 2000 Rúa E s/n**, horario de atención de 9 a 14h, Teléfono: **986 784463** e-mail: **info@ponorte.com**, etc..
- O GDR responderá as cuestións que reciba de posibles promotores, ben na súa oficina, por teléfono, fax, e-mail ou correo postal.
- Para iniciar un expediente, ademais de entregar toda a documentación pertinente, será necesaria polo menos unha entrevista persoal cun técnico do GDR antes de tramitar o expediente.

Ademais, durante o proceso de execución da estratexia, a información sobre as axudas difundirase abertamente mediante algunhas das accións de publicidade descritas no punto anterior deste documento.

- Programación das actuacións propias de animación

Tal e como se reflexa no parágrafo anterior o GDR xestionará a animación dende dúas perspectivas, a **valorización territorial** orientada ao axente externo entendendo o mesmo como aquelas persoas ou entidades que non teñan vinculación orgánica co GDR (potenciais promotores, visitantes territoriais, etc..), e unha segunda perspectiva de **difusión da súa labor**, que son aquelas actuacións que tratan de difundir e informar do traballo do GDR a aquelas persoas ou entidades con capacidade de decisión no mesmo ou cando menos participantes das súas actividades.



Por todo elo relacionamos dous cadros de actuacións a realizar dende as dúas perspectivas de traballo.

Táboa 6. Programación das actuacións propias de animación a realizar polo grupo

ACTUACIÓNS DE ANIMACIÓN EXTERNAS:

Actuación		Contido das actividades previstas (destinatarios, recursos utilizados, formatos e canles, ...)
AE1	PROMOCIÓN DE PROXECTOS E/OU ACTIVIDADES	A través de cortos de vídeos promocionais porase en valor a necesidade das axudas para poñer en marcha proxectos no territorio que inciden directamente no desenvolvemento da comarca. Ditos vídeos serán empregados nas diversas RRSS do GDR e así mesmo poderán ser empregados como insercións publicitarias nas diferentes canles de comunicación audiovisual. O target dos mesmo será en todo caso outros potenciais emprendedores do territorio que se poden ver reflexados no contido, e mesmo posibles clientes do sector ou do proxecto presentado. Destinatarios: Poboación xeral
AE2	XESTIÓN DE MEDIOS DE COMUNICACIÓN NA DIFUSIÓN DA ACTUACIÓN DO GDR	É importante para o GDR ter unha boa comunicación programática da seu labor que con carácter periódico sexa promocionada a través da difusión da súa actualidade informativa. Para elo emitiranse comunicados e/ou notas de prensa onde se valorice a xestión diaria do GDR, a convocatoria de roldas de prensa para aqueles aspectos cuxo interese sexa maior, ou mesmo facer programas de difusión específicos para medios de comunicación con entrevistas, reportaxes, etc... que permitan a correcta comunicación da actividade do grupo. Destinatarios: Poboación xeral
AE3	XESTIÓN DAS RRSS (FACEBOOK, INSTAGRAM, TWITTER)	A presenza actualizada dos GDR nas RRSS debe de ser unha constante na difusión da actividade do GDR, xerando información de actualidade (xornadas, cursos, publicación de convocatoria, etc..), de contexto (proxectos



		apoiados, participación en outras actividades como colaborador como a “loita contra a violencia de xénero”, etc..) e mesmo no relativo a información e comunicación da actividade orgánica da asociación. A día de hoxe e tendo en conta o target ao cal nos queremos dirixir, facebook, twitter e instagram entendemos que son as dúas canles de uso preferente). Destinatarios: Poboación xeral
AE4	MAILINGS E COMUNICACIÓNS DIXITAIS	O GDR plantexará con carácter periódico unha serie de mailings que reporten información de actualidade e mesmo de contexto, e que será enviada a entidades que poidan redifundir a mensaxe como Asociacións de empresarios, culturais, entidades públicas como concellos e/ou mancomunidades, etc... así mesmo farase unha base de datos de persoas que soliciten ter esta información e que sexan así mesmo receptores desta información. Destinatarios: Poboación xeral
AE5	ELABORACIÓN DE MANUAL DE IMAXE CORPORATIVA	Novo período, nova imaxe para o GDR, de aí que se plantexará un restyling da marca corporativa da entidade, con novo logo e novas presentacións que manteñan a imaxe do grupo actualizada, nun mundo tecnoloxicamente cambiante a pasos axigantados. Destinatarios: Poboación xeral
AE6	INDICADORES GRÁFICOS	Levarase a cabo a elaboración de novos indicadores gráficos para a sede do GDR (Placa informativa e Rótulo), así como sinalizadores externos de localización da mesma.
AE7	MERCHANDISING E PAPELERIA	Neste novo período actualizaremos a imaxe do GDR con novo merchandising promocional da Asociación así como a papelería a empregar na xestión diaria da oficina. Destinatarios: Poboación xeral



ACTUACIÓNS DE ANIMACIÓN INTERNAS:

Actuación		Contido das actividades previstas (destinatarios, recursos utilizados, formatos e canles, ...)
AI8	COMUNICACIÓN OFICIAIS E INFORMATIVAS AOS ÓRGANOS DE DECISIÓN DO GDR	Refírese esta actuación a xestión de comunicacións informativas aos órganos de representación do GDR como son as convocatorias de xuntas directivas, asembleas, mesas sectoriais, reunións, etc..
AI9	EMPREGO DOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN PARA INFORMACIÓN DAS ACTUACIÓN E ACTIVIDADES "INTERNAS" DO GDR	Os medios de comunicación, destacando aqueles de índole escrita son as mellores canles informativas acerca da celebración de reunións oficiais como Xuntas directivas, ou de carácter informativa ou participativo, así como os resultados obtidos nas mesmas (Datos, decisións, etc...)
AI10	XESTIÓN DAS RRSS COMO CANLE COMUNICATIVA	Empregaranse as RRSS para informar igualmente de reunións, convocatorias, xornadas ou calquera outra actuación do GDR.
AI11	CHARLAS, FORMACIÓN E INFORMACIÓN DA ACTIVIDADE DO GDR CARA A POTENCIAIS COLABORADES NA DIFUSIÓN DA MESMA.	O persoal técnico do GDR desenvolverá unha actuación global de información das axudas Leader e do desenvolvemento da súa estratexia, para elo achegarse a posible colaboradores na redifusión da información tales como ADL, concellos, entidades asociativas, etc..
AI12	VISITAS A PROXECTOS DE ÉXITO	Dende o GDR organizaranse visitas guiadas para asociados e promotores a proxectos de éxito de outros territorios, coa intención de descubrir experiencias e negocios que resultaron exitosos e que ben se poderían implantar no territorio de actuación.
AI13	MEMORIAS ANUAIS SOBRE GRADO DE EXECUCIÓN	Anualmente elaborárase unha memoria informe sobre o grao de execución dos proxectos subvencionados coas axudas Leader co obxecto de ter informados a socios e directivos da asociación. Unha maneira de que entre todos coñezan a labor que dende o GDR se desempeña durante as diferentes anualidades.

I.5. PLAN DE FORMACIÓN DO GDR

I.5.1 Diagnose do mercado laboral do territorio e relación coa estratexia do GDR

A poboación activa do territorio distribúese entre os diferentes sectores tal e como se define na táboa anterior. Tal e como se pode percibir na mesma o sector servizos ten un peso específico maior no territorio que calquera dos outros sectores económicos. Esta afirmación pode tamén advertirse a través dos contratos feitos e medidos en sectores de actividade:

Contratos por sector de actividade económica 2021

CONCELLOS	Total	Agricultura y pesca	Industria	Construción	Servicios
Agolada	386	34	41	21	290
Dozón	105	9	18	7	71
Estrada, A	7527	182	897	286	6162
Lalín	4981	305	910	255	3511
Rodeiro	385	36	49	14	286
Silleda	2215	185	326	97	1607
Vila de Cruces	642	41	69	30	502
Pontevedra	28.201	1.194	3.515	1.245	22.247
Galicia	886.709	32.207	157.679	34.841	659.851

En tremos de paro, as cifras son máis elevadas que na ultima DAFO realizada con motivo dunha estratexia Leader, o que volta a reiniciar o ecosistema económico do territorio dende unha perspectiva de optimismo.

TAXA DE PARO (Cálculo sobre datos INE Maio 2023)	
TASA DE PARO EN %	
Agolada	7,73%
A Estrada	10,00%
Dozón	4,26%
Forcarei	8,16%
Lalín	9,70%
Rodeiro	5,83%
Silleda	7,32%
Vila de Cruces	9,01%



SECTORES DE ACTIVIDADE

- SECTOR PRIMARIO: AGRICULTURA, GANDERÍA E SECTOR FORESTAL

Analizando os datos do censo agrario de 2020, podemos dividir a comarca, segundo a Superficie Agraria útil, que comprende o 35,6% da superficie total (147.681 hectáreas). Por unha banda, atopamos os municipios que superan a media do 35% de SAU: Dozón (48,7%); Lalín (43,8%); Rodeiro (51,6%) e Silleda (43,1%), que son os que máis utilización agraria fan do seu espazo, por outros aqueles que non chegan á media e que realizan unha menor actividade agraria e por outros aqueles que non chegan á media e que realizan unha menor actividade agraria.

As terras labradas representan o 27,8% da Superficie Agraria Útil (SAU), da cal, o 72,2% corresponde a pastos. As terras de cultivo destínanse principalmente ao cultivo de millo e viñado.

Os municipios que presentan máis terras de cultivo son Lalín con 5.593 Ha; A Estrada con 2.266 Ha e Silleda con 2.087 Ha.

Dentro dos cultivos herbáceos atópase o millo (7,31%), ademais do trigo (2,38%) e o centeo (0,47%).

Entre os cultivos leñosos predomina o viñado non asociado, representando o 39,37%, seguido do castiñeiro (31,55%) e as plantacións froiteiras (29,07%).

Pola contra, os prados e pastos localízanse maioritariamente na metade meridional como pasteiros naturais templado-oceánicos.

Existen 6.228 explotacións agrarias no territorio, que corresponden ao 7,79% do total da Comunidade autónoma de Galicia

É tamén significativo o tamaño das explotacións, xa que o 43,5% (incluídas as sen terras) teñen menos de 5 Ha e só o 2,8% teñen máis de 50.

O nº total das explotacións descendeu un 51,4%. Desde as 12.477 a 6.062 (sen contabilizar as “sen terras”), perda que corresponde fundamentalmente ás pequenas explotacións, xa que as máis grandes aumentan.

De igual forma, a Superficie Agraria útil (SAU) debido ao abandono de explotación fenónmenos urbanísticos e recalificación dos usos do chan, diminúeo no mesmo período un 7,51%, a nivel territorial, con distancias notables entre municipios, xa que Dozón (e Forcarei (-38,55), acusan perdas que roldan o 40%, mentres que Silleda ((-9,49), non chegan ao 10% de perda da SAU.

Por tanto, podemos concluír que os cambios no uso do chan son evidentes; os procesos de urbanización, a expansión das áreas industriais, a construción de grandes infraestruturas, e o destino de áreas territoriais á explotación enerxética van presionando progresivamente sobre a terra agraria. Pero nesta perda inciden outros

factores como o prezo da terra, a falta de substitución xeracional, ou os mecanismos de cesamento na actividade. Agora ben, a especialización fundamental del territorio é a gandería e da súa importancia dan conta os datos sobre as unidades gandeiras, xa que representan o 65,9% do total das da provincia e o 10,6% de toda a Comunidade Autónoma.

Dentro da gandería destacan as explotacións de vacún, xa sexan de leite ou de carne, tal e como se pode observar nas táboas seguintes, destacando en canto ao número de vacas por explotación en primeiro lugar o concello de Rodeiro e despois o de Lalín con 22, 5 e 19,7 vacas por explotación respectivamente.

Tamén o uso forestal é moi importante (10,15% do total da superficie) localizándose principalmente, o terreo forestal, nos termos municipais de A Estrada e Lalín. Segundo a clasificación do programa Corine Land Cover 2000, este terreo forestal preséntase en forma de: -bosque mixto (51%), -matogueira boscoso de transición (29%) -e landas e matogueiras de vexetación mesófila (14%).

Que se reparte entre 60,7% de monte maderable, 29,5% de monte aberto e 9,8% de monte leñoso. Hai que destacar a existencia de montes de xestión pública, fundamentalmente en Lalín e Rodeiro, que se xestionan directamente ou a través de convenios pola Xunta. Unha clasificación específica é a dos Montes Veciñais Mancomunados, que forman parte dos acenos de identidade e cultural propias do territorio galego e tamén son un claro indicador económico e produtivo: No territorio de TERRAS DE PONTEVEDRA NORTE, existen 85 montes declarados, nunha superficie total de 11.215,93 Ha. Esta representa o 11% dos montes declarados da provincia de Pontevedra e o 2,6% da total de Galicia.

Produtos agrarios e producións agroalimentarias con protección. Ao longo dos todos os municipios que forman o territorio, existen unha serie produtos primarios ou transformados que dispoñen dunha protección recoñecida e aos que se acolleron ou se poderían acoller os distintos produtores da zona. Con todo detectouse que non existe na comarca ningún produto ou produción que teña un distintivo de calidade exclusivo para leste, tal e como ocorre noutras zonas de Galicia.

- ✓ Vino CRDO Rías Baixas limitado a Subzona Ribeira do Ulla
- ✓ DX Augardente de Galicia, limitados a la subzona Ribeira do Ulla
- ✓ I.X.P. "Lacón Gallego"
- ✓ I.X.P. "Terneira Gallega"
- ✓ Queixo amparado pola D.O. Arzúa-Ulloa
- ✓ D.O.P. Queixo Tetilla
- ✓ C.R. "Agricultura Ecolóxica de Galicia"



- ✓ C.R.I.X.P. "Castaña de Galicia"
- ✓ C.R.I.X.P. "Mel de Galicia"

- SECTOR SECUNDARIO

Neste apartado analizarase a estrutura empresarial das actividades industriais, construción, así como a súa distribución no territorio.

Sector industrial

A zona de Terras de Pontevedra Norte caracterízase por unha gran diferenza a nivel industrial entre os municipios de Lalín e A Estrada, e o resto que conforman a zona, xa que do total de 680 empresas industriais 444 están nestes dous municipios, dicir o 65 % concéntrase neles.

Por tipoloxía de empresas destaca a industria manufactureira con respecto a outro tipo de industrias, xa que o 94 % é desta tipoloxía, e delas o 34 % está na Estrada e o 33 % en Lalín, polo que o 33% restante sitúase nos outros 6 municipios. En canto á construción ocorre o mesmo hai un total de 1.035 empresas relacionadas co sector, das cales 357 están en Lalín, 293 na Estrada e 151 en Silleda.

Construción

A construción é outro dos alicerces do sector secundario e o crecemento na zona de Terras de Pontevedra Norte desde a década dos 90 foi continuo ata o inicio da crise que sufriu un forte pau. Os municipios de Lalín e A Estrada concentran o maior número de empresas cun total de 650 sendo Lalín o municipio en que máis aumentou o número de edificacións novas. As empresas entre 20 e 50 traballadores representan o maior volume, cunha terceira parte do total. Localizadas en todo o territorio de estudo, a maior concentración de empresas téxtiles atópanse no municipio de Lalín onde existe un número elevado de empresas de fabricación de xéneros de punto e confección. Grazas á súa boa localización e comunicacións, ademais dunha ampla oferta de chan industrial favoreceron nas últimas décadas o repunte deste sector de forma vertixinosa. Referenciada como a capital cultural da moda en Galicia, a crise azoutou fortemente este sector no últimos dez anos, pechando case a metade das súas empresas. A transformación da madeira é un dos sectores económicos máis importantes de Galicia. Na Estrada, prodúcese unha especialización na fabricación de mobles e a construción, sendo o municipio galego que posúe o maior número de carpinterías ou fábricas de mobles e facéndose cun título propio: Capital galega do moble. Pilar económico do municipio conta na actualidade con 45 empresas dedicadas á fabricación de mobles, que representan o 58% de todas as manufactureiras asentadas no municipio, xerando un gran volume de emprego directo e indirecto.



- SECTOR TERCIARIO

Na zona Terras de Pontevedra Norte os valores respecto ao resto de Galicia son inferiores en canto a número de ocupados no sector servizos, debido principalmente a que estes se atopan no sector industrial, ligado ás materias primas. Destacar A Estrada e Lalín como punteiros neste sector pero sendo Silleda tamén un municipio cun volume grande deste sector.

- CONCLUSIÓN

O territorio O territorio de Terras de Pontevedra Norte, presenta unha orografía irregular, sendo de maior altitude na metade meridional. Ten un relevo cunha altimetría non demasiado elevada, entre 100 e 830 m e pendentes de ata o 9 %, condición que limita os usos do chan, pasando por zonas con boas aptitudes agrícolas por baixo dos 300 m a outras con escasa produtividade por encima do 600 m.

En canto á climatoloxía existe diferenza entre as zonas máis altas cunha media de temperaturas mínimas de 7 °C e no período cálido con temperaturas máximas de ata 30°C. Todos os municipios que a forman están incluídos na lista comunitaria de zonas agrícolas desfavorecidas.

En canto aos espazos naturais protexidos o territorio alcanza un total de 12.778,53 Ha incluídas na Rede Natura 2000. As comunicacións principais son a AP53 e a N525 ademais da N640 que a atravesa e conecta as principais poboacións.

Todos os municipios dispoñen de destacados elementos culturais e patrimoniais destacando o rico legado megalítico e románico por todo o territorio Destaca tamén polo amplo tecido asociativo entre as que proliferaron os últimos anos aquelas asociacións de tipo cultural e veciñal.

Poboación

Cunha poboación de 47.848 habitantes e unha Densidade de poboación de 32,4 hab/km², a poboación foi diminuindo nos últimos anos de forma alarmante, xa que entre os anos 2004 e 2014 perdeuse un 15 % da poboación. A pirámide de poboación de Terras de Pontevedra Norte ten unha silueta claramente regresiva, en cuxa base existe menos poboación que nos tramos centrais e no que a poboación envellecida é moi considerable; trátase dunha pirámide propia de poboacións con baixa natalidade e alta esperanza de vida. Obsérvase tamén que hai unha alta porcentaxe de poboación que non completou os seus estudos, cuestión que condiciona enormemente á poboación á hora de atopar máis saídas laborais.

Sistema produtivo



Con respecto á poboación activa e ao emprego, a taxa de actividade é do 57,6 % e a taxa de paro na zona atópase no 22,28 %, que aínda que é bastante alta está un pouco por baixo da taxa de paro provincial (25,46 %). Falando dos sectores de actividade, hai que destacar a especialización gandeira deste territorio, xa que o 35,6 % da superficie total trátase de Superficie Agraria útil, alcanzando valores superiores nalgúns dos municipios que a forman, como é o caso de Dozón, Lalín, Rodeiro e Silleda. En canto ao sector industrial obsérvase unha gran diferenza entre os municipios de Lalín e Estrada que reúnen o 65 % das industrias da zona, destacando a produción agroalimentaria e a industria manufactureira dirixida á construción. Con respecto ao sector terciario Lalín e A Estrada concentran tamén a maioría dos establecementos da zona. Obsérvase ademais que a zona ten un turismo pouco desenvolvido pero con moito potencial, tanto situación no centro de Galicia como pola súa riqueza paisaxística e patrimonial.

I.5.2 Plan de formación

A formación, entendida como instrumento básico para a promoción do desenvolvemento rural, debe responder a tres funcións básicas; **adaptación**, para aprender a defenderse ante a contorna exterior asimilando, para iso, as tecnoloxías a empregar deben ser as adecuadas; **innovación** que permitirá asumir posicións de vangarda para adiantarse aos cambios e finalmente e non menos importante, a función de **conservación**, para manter entre a xente os coñecementos e o saber facer tradicional, como estratexia para consolidar o vasto patrimonio, a cultura e a identidade territorial do rural galego dunha forma adaptada e integrada aos novos tempos.

O **GDR Pontevedra Norte** poñerá en marcha accións formativas cuxos destinatarios sexan as persoas que desenvolvan as súas actividades ou presten servizos nos sectores agrogandeiro, forestal e alimentario, os xestores de terras e outros axentes económicos que constitúan PEME cuxo ámbito de actuación sexa o medio agroalimentario ou turístico fortalecendo aquel que mesture as dúas capacitacións como é o enoturismo, así como todas aquelas persoas cuxo traballo se realice ou potencialmente poida realizarse no devandito ámbito.

En todo caso a modalidade de impartir as docencias será o presencial, entendendo a mesma como aquela que ten lugar nunha aula con presenza do docente que transmite os mesmos coñecementos e no mesmo tempo a un grupo de alumnos e alumnas,

independentemente do tipo de recursos didácticos que utilice. Permite tamén a realización de prácticas fora da aula.

En base á temática tratada nas actividades formativas, estas dividiranse nas seguintes modalidades:

Modalidade 1: Formación agraria e medio ambiental. Os temas poderán ser de agricultura, gandería, silvicultura, conservación do medioambiente, sanidade vexetal, sanidade e benestar animal, seguridade no traballo etc.

Modalidade 2: Formación rural non agraria. Formación dirixida a aspectos transversais ou horizontais respecto da modalidade anterior como TICs, turismo rural, SICTED, etc.

Dentro da Modalidade 1 realizaranse accións formativas destinadas á difusión de información en agricultura, gandería, silvicultura, desenvolvemento sostible, conservación do medio ambiente, procesos industriais agroalimentarios, xestión e desenvolvemento de pequenas e medianas empresas de ámbito rural etc., ben en forma de exposicións, reunións, presentacións ou publicacións, tanto en forma impresa como dixital de folletos informativos ou manuais prácticos ou a través de plataformas dixitais.

Como accións demostrativas realizaranse sesións prácticas nas que se mostrarán novidades ou avances nos ámbitos tecnolóxicos e de proceso produtivo que supoñan unha mellora con respecto ás tecnoloxías ou procesos tecnolóxicos ou produtivos de uso actual, como é o caso de nova maquinaria, novos sistemas produtivos na industria agroalimentaria, novas variedades de cultivo, sistemas eficientes de rega, novas tecnoloxías na industria agroalimentaria e forestal.:

Os obxectivos a acadar con esta formación serán:

- 1) Mellorar os resultados económicos das explotacións e a súa modernización. Facilitar a entrada no sector agrario de agricultores debidamente formados e a súa substitución xeracional.
- 2) Mellorar a competitividade dos produtores primarios na cadea agroalimentaria a través de sistemas de calidade, valor engadido aos produtos agrícolas, a promoción en mercados locais e circuitos de distribución curtos, as agrupacións de produtores e as organizacións interprofesionais.

- 3) Restaurar, preservar e mellorar a biodiversidade, os sistemas agrarios de alto valor natural. Mellorar a xestión da auga. Previr a erosión dos chans e mellorar a súa xestión.
- 4) Maior eficacia no uso da auga na agricultura. Maior eficiencia no uso da enerxía na agricultura e na transformación de alimentos. Redución de gases de efecto invernadoiro e de emisións de amoníaco procedentes da agricultura.
- 5) Facilitar a diversificación, creación e desenvolvemento de pequenas empresas e de emprego. Fomento do desenvolvemento local en zonas rurais. Mellorar a accesibilidade ás tecnoloxías de información e comunicación (TIC), o seu uso e calidade en zonas rurais.
- 6) Promover o desenvolvemento persoal da poboación a través de programas de capacitación continua que permitan mellorar a súa capacidade cara o mercado laboral, e así mesmo a súa mellora na relación social entre veciños do territorio.
- 7) Mellora da capacitación profesional orientada a consecución de emprego de calidade.

Por tanto, a formación agraria e non agraria que se organizará e xestionará a través do GDR establecerá un programa de accións formativas a desenvolver entre os anos 2023 e 2027 que contribúan ao coñecemento, formal ou non formal, académico ou autodidacta, a experiencia, as habilidades, as capacidades e, sobre todo, o compromiso social e ético para o desenvolvemento rural constituindo aspectos elementais para a xeración dunha base de coñecemento nas zonas rurais que permita mellorar a competitividade e a innovación no sector agroalimentario, forestal e turístico do territorio.

Pretende por tanto fomentar a aprendizaxe permanente e a formación profesional nos sectores de referencia, pois entende que a maior cualificación maior será a súa produtividade laboral co obxecto de manter ou aumentar a competitividade do seus negocios. Tales actividades formativas van dirixidas a persoas do medio rural que traballen ou vaian traballar nestas actividades, incluídos os mozos e as mulleres, para potenciar o asentamento da poboación e a substitución xeracional diversificando as actividades económicas no medio rural e a igualdade entre homes e mulleres.



Táboa 7. Plan de formación

Actividades formativa		
Sector: AGRARIO , AGROALIMENTARIO E FORESTAL		
F1. XESTIÓN DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS EN ECOLÓXICO (Hortícolas e/ou Frutícola) Xustificación: Neste período queremos potenciar mais si cabe a agroalimentación local, polo que se continuará con accións formativas enfocadas na diversificación de producións, promoción do produto local e a súa comercialización e fomentar o autoemprego no sector agrícola. Para elo crese de interese profundizar no nicho de mercado da produción agraria en ecolóxico como método de ofrecer alimentos de calidade saudables e medioambientalmente sostibles.	Formato Duración Perfil alumnado Requisito persoal formador	Presencial Mín. 4 horas Profesionais do sector e novos emprendedores Técnicos con formación cualificada e profesionais do sector
F2. VALORIZACIÓN DE PRODUTOS LOCAIS Xustificación: Tendo quen conta un dos obxectivos para este período que é a valorización dos produtos locais, cabe incluír formación relacionada coa transformación e conservación de produtos locais, así como as mecánicas de venta nos mercados de proximidade.	Formato Duración Perfil alumnado Requisito persoal formador	Presencial Mín. 4 horas Profesionais do sector e novos emprendedores Técnicos con formación cualificada e profesionais do sector

Actividades formativa		
Sector: TURISMO, COMPETITIVIDADE E FOMENTO DO EMPREGO		
F3. SISTEMA DE CALIDADE TURÍSTICA EN DESTINO (SICTED) Xustificación: Tendo en conta que o GDR16 somos xestores SICTED, non cabe dúbida que se debe continuar co camiño iniciado de cara a un destino turístico de calidade.	Formato Duración Perfil alumnado Requisito persoal formador	Presencial Segundo programación Profesionais relacionados co sector do turismo Técnicos con formación cualificada en SICTED
F4. CURSOS PARA A HOSTALARIA	Formato	Presencial



<u>Xustificación:</u> En canto a búsqueda da calidade turística complementarase a formación con talleres específicos dirixidos principalmente a profesionais da hostalaría e da restauración. (Cociña, servizos varios, competitividade,...)	Duración Perfil alumnado	Mín. 4 horas Profesionais da hostalaría, novos emprendedores e incluso se pode abrir a particulares
F5. MARKETING EMPRESARIAL E USO DAS REDES SOCIAIS <u>Xustificación:</u> As iniciativas de autoemprego ou pequenas empresas teñen hoxe en día no uso das ferramentas dixitais, concretamente nas redes sociais unhas aliadas para chegar dun xeito máis convincente ao consumidor, que cada vez máis emprega as mesmas como canle informativa acerca das súas potenciais necesidades de compra. É polo tanto necesario para a empresas dispoñer de coñecementos sobre como colocar o seu produto no escaparate da rede.	Requisito persoal formador	Técnicos con formación cualificada e profesionais do sector

I.6. PLAN DE COOPERACIÓN E TRABALLO EN REDE CON OUTROS GDR E ENTIDADES

Os Grupos de Traballo son unha iniciativa de colaboración entre Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) de Galicia co espírito de coordinar as súas EDLP. Estrutúranse en catro temáticas específicas, segundo a táboa actualizada que se reflicte ao comezo deste documento. Estes grupos teñen como obxectivo abordar retos comúns e aproveitar oportunidades de desenvolvemento territorial nos territorios dos GDR participantes.

A través da cooperación e coordinación entre os GDR e outros axentes relevantes, os Grupos de Traballo buscan promover a reunión, formación, intercambio de coñecementos e a creación dunha rede de traballo en torno á temática elixida. O seu obxectivo principal é articular proxectos e accións que teñan un impacto positivo nos



territorios rurais e traballar para a obtención de fondos que permitan o seu desenvolvemento.

GUIÓN GRUPO DE TRABALLO (GT) entre GDR de Galicia

O proceso de posta en marcha dos catro GT definidos previamente divídese en dúas fases. A primeira, consistente na definición do obxectivo deste GT, das súas temáticas, dos GDR que os forman e da metodoloxía a empregar para a súa posta en funcionamento, e que se dará por rematada coa entrega das EDLP a AGADER, cuxo prazo remata o 10 de xullo do presente ano. A segunda fase, que consistirá na posta en marcha dos GT, se iniciará coa aprobación, se é o caso, das EDLP e se prolonga durante toda a implementación das estratexias.

PRIMEIRA FASE

Esta fase comezou durante a elaboración das EDLP e dáse por rematada o 10 de xullo de 2023, data final para a entrega das EDLP. Os traballos desenvolto durante esta fase levaron as seguintes premisas e conclusións:

1. Definición dos GT en base ás temáticas de interese para os GDR. Quedando constituídos como segue:
 - a. Grupo traballo: Auga e Enerxía. Cambio climático e innovación ambiental
 - b. Grupo Traballo: Recuperación de terras agrarias. Ferramentas para a xestión do territorio
 - c. Grupo Traballo: Produtos agrolimentarios. Potenciación do sector agropecuario
 - d. Grupo Traballo: Turismo en zonas rurais
 - e. Grupo de Traballo: Innovación e dixitalización
2. Incorporación dos GDR aos GT, segundo os seus interese e de xeito voluntario. Quedando como segue:

Grupo: Auga e Enerxía. Cambio climático e innovación ambiental	Grupo: Recuperación de terras agrarias. Ferramentas para a xestión do territorio
Grupos inscritos: GDR1 Terras de Miranda GDR2 Terra Chá GDR3 Montes e Vales Orientais GDR10 Limia Arnoia (coordinador) GDR13 Condado-Paradanta GDR15 Pontevedra-Morrazo GDR 16 Pontevedra Norte GDR20 Ulla Tambre Mandeo GDR24 Seitura 22	Grupos inscritos: GDR2 Terra Chá GDR3 Montes e Vales Orientais GDR4 Comarca de Lugo GDR 5 Miño Ulla GDR 7 Valdeorras GDR8 Sil-Bibei-Navea GDR9 Monteval GDR10 A Limia-Arnoia GDR12 Carballiño-O Ribeiro GDR13 Condado Paradanta (coordinador) GDR15 Pontevedra-Morrazo GDR17 SalnésUllaUmia GDR19 Terras de Compostela GDR21 Ordes Asdecomor GDR22 Costa da Morte GDR23 Mariñas Betanzos GDR24 Seitura 22
Grupo: Produtos agrolimentarios. Potenciación do sector agropecuario	Grupo: Turismo en zonas rurais
Grupos inscritos: GDR1 Terras de Miranda GDR3 Montes e Vales Orientais GDR 5 Miño Ulla GDR8 Sil-Bibei-Navea GDR9 Monteval GDR11 ADERCOU GDR13 Condado-Paradanta GDR15 Pontevedra Morrazo GDR 16 Pontevedra Norte GDR17 SalnésUllaUmia GDR19 Terras de Compostela GDR21 Ordes Asdecomor GDR22 Costa da Morte GDR23 Mariñas Betanzos GDR24 Seitura 22 (coordinador)	Grupos inscritos: GDR1 Terras de Miranda GDR3 Montes e Vales Orientais (coordinador) GDR4 Comarca de Lugo GDR7 Valdeorras GDR9 Monteval GDR12 Carballiño-O Ribeiro GDR13 Condado-Paradanta GDR15 Pontevedra-Morrazo GDR16 Pontevedra Norte GDR17 SalnésUllaUmia GDR19 Terras de Compostela

Ao non haber GDR voluntario para coordinar o Grupo de Traballo de Innovación e dixitalización queda sen constituír pendente de facelo a que xurda o interese por parte dalgún GDR en lideralo e coordinalo. En todo caso a innovación será un elemento transversal no traballo de todos os GT.



3. Os GT enmárcanse dentro do epígrafe F do Anexo C como uns instrumentos para a coordinación das EDLP. Porén, acórdase por unanimidade, dos GDR que forman os GT, que deben ser unha oportunidade de cara a atender e tentar resolver problemas territoriais detectados máis alá das competencias do LEADER, axudando a consolidar aso GDR como axentes relevantes nos territorios.
4. A posta en marcha de proxectos cara á obtención de fondos para os territorios, máis alá do que nos posibilita o LEADER é un dos obxectivos principais destes Grupos de Traballo.
5. Reunirse, formarse, compartir e crear unha rede de traballo entre os GDR e con axentes das temáticas dos GT serán as principais liñas de traballo, co obxectivo de articular proxectos que teñan impacto nos territorios.
6. A composición dos GT é aberta, polo que ao longo das estratexias poderán incorporarse GDR interesados nas súas temáticas. Do mesmo xeito, preténdese que os GT sexan dinámicos e operativos. Para iso, redactarase un regulamento de funcionamento co obxecto de crear as condicións de traballo máis axeitadas e xerar produtividade. Tamén se regulará a posible baixa dos GDR que non participen activamente no GT.

SEGUNDA FASE:

A partir da aprobación das EDLP por parte da AGADER, baixo un regulamento de réxime interno por definir, traballarase baixo a metodoloxía que se indica a continuación, coas seguintes consideracións:

- A metodoloxía de traballo que pretendemos desenvolver é un proceso aberto e vivo. Polo tanto acordase que se ao longo da implementación das estratexias, no caso de detectarse a necesidade de crear outros GT, os GDR interesados organizaranse en función dos seus intereses comúns.
- Así mesmo, se dentro dun GT actual se detecta a necesidade de crear subgrupos en beneficio da súa eficacia u eficiencia poderase e deberase constituír tales subgrupos.

1. Elaborar e aprobar un regulamento de uso interno para garantir o correcto funcionamento dos GT e a obtención dos seus obxectivos.
2. En base ás matrices DAFO de cada GDR, elaborarse unha relación de necesidades e potencialidades, en cada temática do GT, para resolver as



debilidades, ameazas e/ou potenciar as fortalezas e oportunidades dos seus territorios. A continuación haberá que acordar e reflectir cales das necesidades son de interese común para os diferentes territorios e, sobre elas, marcar prioridades. O punto de partida para este traballo pode ser o que manifestaron os diferentes GDR na reunión que se celebrou en Lalín o 6 de xuño do presente ano e que se reflicten neste documento ao final do mesmo.

3. Segundo a priorización de necesidades e pontencialidades haberá que marcar obxectivos xerais e obxectivos específicos dos GT.
4. Definir plan de acción e as correspondente liñas estratéxicas e indicadores para o seu seguimento e avaliación
5. Tamén será de interese Identificar os axentes e entidades de interese para os diferentes GT que, de maneira puntual, poidan participar co obxecto de formar, consultar, ou establecer colaboracións.

O GDR PONTEVEDRA NORTE formará parte dos seguintes grupos temáticos

GRUPO DE TRABAJO AUGA E ENERXÍA:

No cadro seguinte recóllense as temáticas prioritarias para os GDR que conforman este GT e que está coordinado polo GDR 10 Limia Arnoia

GRUPO	TEMÁTICAS PRIORITARIAS	AXENTES DE INTERESE
GDR 1 Terras de Miranda	Xestión da auga e enerxía na agricultura	Confederación hidrográfica.
GDR 2 Terra Cha	Xestión da auga e enerxía na agricultura. Comunidades enerxéticas locais.	Confederación hidrográfica. Axencia Europea do Medio Ambiente.
GDR3 Montes e Vales Orientais	Comunidades Enerxéticas Xestión de auga potable en rutas e camiños	FEGAMP Augas de Galicia
GDR 10 Limia Arnoia	Xestión da auga e enerxía na agricultura. Xestión da auga en núcleos urbanos. Sensibilización e manexo da auga como limitante para o desenvolvemento.	GDR. Empresas Galegas de xestión da auga (Viaqua, Espina e Delfin, Hidrantia,...)
GDR13 Condado Paradata	Optimización do recurso para uso humano e de regadío Comunidades Enerxéticas	Confederación hidrográfica.
GDR 15 Pontevedra-Morrado	Descarbonización e cambio climático, servizos ecosistémicos do monte, comunidades enerxéticas e sensibilización	



	ambiental / retos sectoriais	
GDR 16 Pontevedra Norte	Comunidade enerxéticas. Enerxías renovables.	DX Patrimonio Natural. SIAM.
GDR 20 – Ulla Tambre Mandeo	Comunidade enerxéticas. Boas practicas. Economía Circular. Auga e contaminación.	DX de Gandeiría. SINAC.
GDR 24 - Seitura	Comunidade enerxéticas. Mobilidade Rede traídas veciñais.	DX Desenvolvemento Rural

GRUPO DE TRABAJO PRODUCTOS AGROLIMENTARIOS. POTENCIACIÓN DO SECTOR AGROPECUARIO :

A continuación recóllense as temáticas prioritarias para os GDR que conforman este GT e que está coordinado polo GDR 24 Seitura 22:

GRUPO	TEMÁTICAS PRIORITARIAS
GDR 1 Terras de Miranda	Estratexia da Granxa a Mesa. Sist. Alimentarios Sostibles. Ecocomedores. Transformación e comercialización de produtos agroalimentarios
GDR 3 Montes e Vales Orientais	Estratexia da Granxa a Mesa. Sist. Alimentarios Sostibles.
GDR 5 Miño - Ulla	Transformación e comercialización alimentaria. Agricultura ecolóxica
GDR 8 Sil – Bibei – Navea	Proxecto Silbina Transformación alimentaria
GDR 9 - Monteval	Estratexia da Granxa a Mesa Sistemas Alimentarios Sostibles Ecocomedores
GDR 11 Comarca de Ourense	Estratexia da Granxa a Mesa. Qm 0. Comedores Escolares.
GDR 13 Condado - Paradanta	Estratexia da Granxa a Mesa Produción, transformación e comercialización de produtos agroalimentarios Ecocomedores
GDR15 Pontevedra-Morrazo	Estratexia da Granxa a Mesa. Produción e transformación ecolóxica. Consumo de proximidade. Comercialización conxunta. Promoción e valorización das IXP, DO, AA.
GDR 16 Pontevedra	



Norte	
GDR 17 Salnés Ulla	
Umia	
GDR 19 Terras de Compostela	Consumo Qm 0. Relacións produtores-hosteleiros. Mercados locais
GDR 21 – Comarca de Ordes	Km 0. Mercados locais. Comedores comunitarios. Aproveitamento segundas calidades.
GDR 22 – Costa da Morte	Valorización da produción de destrío para o seu aproveitamento. Consumo de proximidade e comedores comunitarios (Ecocomedores). Recuperación de variedades autóctonas e introdución de novas variedades de produtos agrogandeiros. Transformación da produción convencional en ecolóxica
GDR 23 Mariñas Betanzos	
GDR 24 - Seitura	Estratexia da Granxa a Mesa. Ecocomedores.

GRUPO DE TURISMO EN ZONAS RURAIS:

No cadro seguinte recóllense as temáticas prioritarias para os GDR que conforman este GT e que está coordinado polo GDR 03 Montes e Vales Orientais

GRUPO	TEMÁTICAS PRIORITARIAS
GDR1 Terras de Miranda	Integrar as novas tecnoloxías como eixo transversal. Turismo sostible e ecoturismo Vinculación dos recursos turísticos mar e interior Paquetización da oferta do territorio
GDR3 Montes e Vales Orientais	Ecoturismo e turismo activo de natureza. Traballar a sostibilidade turística dende o enfoque social, económico e ambiental.
GDR4 Comarca de Lugo	Sostibilidade turística e intercambio de experiencias.
GDR7 Valdeorras	Turismo sostible, enoturismo e propostas de turismo industrial
GDR9 Monteval	Iniciativas ligadas ao Enoturismo e Turismo arqueolóxico e de natureza Como axudar ao sector na creación de destino turístico e imaxe de marca vencellada aos valores territoriais? Impulso ao emprendemento neste sector
GDR12 Carballiño-	Mobilidade para o sector turístico.



O Ribeiro	Empresas de servizos complementarios.
GDR13 Condado-Paradanta	Potenciar o agroturismo e o turismo intelixente.
GDR15 Pontevedra-Morrazo	Enfoque transversal da sostibilidade. Turismo verde e enoturismo.
GDR16 Pontevedra Norte	Paquetizar oferta conxunta de varios territorios.
GDR17 Salnés Ulla Umia	
GDR19 Terras de Compostela	Crear experiencias de interese para Touroperadores; estudar interese dos operadores antes de facer paquetes Enogastronomía.

A estratexia de desenvolvemento local debe de incluír unha liña específica de axudas para a implementación dun Plan de cooperación entre Grupos de Desenvolvemento Rural". O obxectivo desta axuda é fomentar a cooperación dos Grupos tanto dentro da Comunidade Autónoma como no resto de España ou da Unión Europea.

Os Grupos que participen nun proxecto de cooperación deben ter intereses comúns nun determinado ámbito, sempre relacionado coa estratexia, e a cooperación debe favorecer a aprendizaxe mutua e buscar solucións comúns a problemas concretos.

A axuda consiste nunha subvención dos gastos que realicen os Grupos para a preparación e posta en práctica destes proxectos de cooperación.

Os proxectos de cooperación entre Grupos deben cumprir os seguintes requisitos:

- Implicarán a posta en común de ideas, coñecementos, recursos humanos e materiais, incluídos os financeiros, ao redor da consecución dun obxectivo de interese compartido e mediante a execución das accións que se consideren necesarias.
- Os seus obxectivos deberán ser coherentes cos obxectivos definidos nas estratexias de desenvolvemento local Leader.
- Deberán respectar os principios de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e de non discriminación.
- Deberán implicar a execución dunha acción en común. Os gastos preparatorios de estudos ou intercambio de información poderán ter a consideración de fase previa, pero non de proxecto de cooperación como tal. A cooperación non se poderá limitar a un intercambio de experiencias e deberá supoñer a realización dunha acción común integrada.
- Promoverán a participación dos sectores socioeconómicos do territorio, tanto públicos como privados, afectados polos fins e obxectivos do proxecto.



Identifícanse con carácter inicial aqueles proxectos que o GDR ven levando a cabo no período de programación 2014-2020 e que se entende están a supoñer un éxito tanto no seu desenvolvemento como na consecución dos obxectivos propostos. Aparte vese durante o desenvolvemento dos mesmos que queda aínda percorrido para chegar a cumprir co fin último dos proxectos que non é outro que implantar un novo nicho económico territorial que a través de medidas innovadoras posibilite a implantación de novas iniciativas relacionadas cos proxectos, co cal cabe seguir apostando por desenvolver os proxectos e manter a cooperación cos grupos participantes.

Táboa 8. Plan de cooperación e traballo en rede

C1. ORDENACIÓN TERRITORIAL DA TERRA AGRARIA A TRAVÉS DO SISTEMA DE PERMUTAS	
GDR ou entidades	GDR 4 Comarca de Lugo, GDR 6 Ribeira Sacra, GDR 16 Terras de Pontevedra Norte, GDR 18 Deloa, GDR 19 Terras de Compostela, GDR 21 Asdecomor, GDR 22 Costa da Morte, GDR Salnés-Ulla-Umia
Descrición	Proxecto de cooperación para o estudo da ordenación da terra agraria a través do sistema de permutas. O obxectivo principal da actuación é poñer en práctica en varias zonas piloto con características diferentes o procedemento de ordenación da terra agraria a través do sistema de permutas que permita avaliar a súa aptitude para aplicar o mesmo en zonas nas cales non existen problemas nin de identificación da titularidade do parcelario, nin necesidade de mais infraestrutura viaria, sobre todo naquelas áreas con actividade consolidada e co fin de mellorar a produtividade das explotacións existentes e/ou o nacemento de novas iniciativas.
Obxectivos da cooperación	- Avanzar no desenvolvemento dunha ferramenta sinxela de ordenación territorial orientada a mellorar a competitividade das explotacións a través do redimensionamento en terra das mesmas. - Crear unha aplicación/plataforma tecnolóxica que permita facer dende os usuarios propostas de modificación territorial a través de permutas dunha área agraria determinada. - Coñecer fórmulas de loita contra o minifundio doutros lugares onde se están a desenvolver dende a iniciativa pública e/ou privada. - Expor a validez da ferramenta para diferentes áreas e contornas agrarios. - Avaliar os custes da ferramenta para valorizar a mesma como unha solución válida en áreas con boa infraestrutura de camiños e accesos. - Establecer un procedemento legal ao amparo da Lei de



	Mellora da estrutura territorial Agraria(METAGA) e da Lei da Recuperación da Terra Agraria de Galicia, que poida ser tomada como base regulamental por parte da administración (Xunta).
Forma de colaboración	Hai moitas ferramentas para acadar o éxito na ordenación do territorio e recuperación da terra agraria en desuso, como son os polígonos agroforestais, as aldeas modelo, ou as experiencias de xestión conxunta, pero todas elas teñen principalmente cabida en áreas onde a produción primaria está en abandono ou en descenso de produtividade, xa que naquelas áreas onde a presión sobre a terra é alta debido a existencia de múltiple actividade agraria, sobre todo gandeira, estas figuras non resolven a problemática dunha mala estruturación da terra e polo tanto precísanse outras fórmulas de ordenar o territorio para que o mesmo poida adquirir unha mellor condición produtiva. Este proxecto de cooperación pretende plasmar sobre o terreo as múltiples posibilidades que ten a figura das permutas á hora de poñer en valor a terra agraria e favorecer o redimensionamento das explotacións, e ó tempo configurar un esquema e/ou procedemento de xestión do mesmo que sexa aplicable de xeito correcto e eficaz en calquera agraria de Galicia onde se cumpra cos criterios delimitados nas Leis de referencia. Ao tempo pretende servir como elemento demostrativo e avaliador dos custes (a priori menores) dun procedemento que pode ter unha forte implementación en áreas con actividade agraria consolidada. O feito de que se realice esta acción nos GDR que cooperan ven precedido por estudo previo e pormenorizado do que poden ofrecer cada un dos territorios de referencia, que si ben teñen unha similitude que os une que é a súa importancia dentro do sector da gandería de leite, e polo tanto unha presión moi alta sobre o uso da terra agraria e derivado da mesma unha necesidade imperiosa de procesos de concentración do parcelario, teñen situación diferentes no que á ordenación se

	refire o que as fai aptas para aportar diferentes visións sobre a aplicación do mesmo procedemento ou posibles aplicacións diferentes ante diferentes problemáticas
Accións concretas	- Análise do proxecto piloto levado a cabo no GDR 4 de Lugo. - Implementación dunha área virtual de estudo nos outros grupos como base de análise para tratar de implementar un piloto real nun territorio concreto. - Identificación de zona piloto. - Visita de traballo (explotación e GDR) a ver o funcionamento das SAFER Francesas. - Visita de traballo para ver a xestión pública do solo en Hungría (redivisión entre propietarios privados, volta á propiedade privada logo do post-comunismo). - Creación de comisión técnica/legal para elaboración de procedemento. - Elaboración de plataforma GIS de autorrealización (previa) de proxecto de permutas. - Difusión do proxecto e dos seus resultados entre explotacións e cooperativas.

C2. “O MEL, ALIMENTO SAUDABLE, PRODUCIDO POLO SER VIVO MÁIS IMPORTANTE DO PLANETA”

GDR ou entidades	GDR 16 Terras de Pontevedra Norte, Asociatia Grupul de Actiune Locala Microregiunea Somes-Codru (Rumanía), Asoaciatia de Dezvoltare Microregionala a Comunitatilor Din Zona Satmarauui.
Descrición	A idea do proxecto está sustentada na importancia das abellas, para lograr o mantemento dos nosos ecosistemas e garantir un desenvolvemento agrícola sostible. A Comisión Europea en 2020 adopta unha nova Estratexia de Biodiversidade da UE 2030 “Reintegrar a natureza nas nosas Vidas”. Dentro desa estratexia entre outros factores atópanse obxectivos ampliar a rede de áreas protexidas, baseándose na rede Natura 2000 existente, protexendo a biodiversidade, para



	iso é fundamental o papel da agricultura orgánica e o dos polinizadores, polo que se espera reducir nun 50 % o uso de pesticidas que prexudiquen aos polinizadores o ano 2030. A Estratexia de Biodiversidade será unha parte central do European Green Deal e planea articular as súas accións con outras iniciativas en curso para enfrontar os desafíos do cambio climático. O documento subliña que o cambio climático acelera a destrución do mundo natural a través de secas, inundacións e incendios forestais, e a perda de reservas naturais e a súa explotación insostible, pola súa banda, son factores crave do cambio climático. A natureza regula o clima, e as solucións baseadas na natureza, como a xestión sostible de pasteiros, chans agrarios e forestais, serán esenciais para a redución de emisións e a adaptación ao cambio climático.
Obxectivos da cooperación	O obxectivo xeral do proxecto é promover un modelo de desenvolvemento respectuoso co medioambiente, que axude a frear os efectos negativos do cambio climático, manter os nosos ecosistemas e biodiversidade á vez que potenciamos unha actividade tradicional como a apicultura, poñendo en valor o produto local, o medioambiente e o patrimonio cultural. Obxectivos específicos: -Concienciar á poboación do territorio da importancia dun desenvolvemento sostible. -Poñer en práctica algunhas das medidas da estratexia nacional para a conservación dos polinizadores. -Promover novos produtos a partir do mel que poidan mellorar a rendibilidade do produtor. -Promover a constitución dunha estrutura permanente de cooperación entre apicultores que poida dar continuidade ás accións do proxecto ou outras diferentes. -Divulgar a importancia do mel nunha dieta sa e equilibrada. -Integrar nos activos turísticos do territorio a posta en valor das albarizas, promovendo a súa posta en valor turística.

Forma de colaboración	Cooperación Leader Transnacional/Internacional
Accións concretas	-Facilitar o acceso aos produtores a feiras onde posicionar os seus produtos, tanto a nivel local, como nacional e internacional. -Crear unha imaxe corporativa propia do proxecto que nos permita identificar os apicultores participantes no proxecto. -Utilizar as novas tecnoloxías e canles de información para mellorar a comunicación entre clientes e produtores. -Fomentar as cadeas curtas de consumo, poñendo en contacto aos apicultores locais con restaurantes, comedores escolares, residencias da terceira idade. -Favorecer o intercambio de experiencias entre os apicultores dos diferentes socios do proxecto.

I.7.PLANIFICACIÓN TEMPORAL

Planificación temporal preliminar, por semestres, para a execución dos proxectos e accións recollidos nos apartados I.2 a I.5 (táboas 5, 6, 7, 8).

Táboa 9. Planificación temporal dos proxectos e actividades

Proxectos/ actividades	Semestres (*)													
	2023 I	2023 II	2024 I	2024 II	2025 I	2025 II	2026 I	2026 II	2027 I	2027 II	2028 I	2028 II	2029 I	2029 II
Proxectos e accións específicas con impacto significativo														
P1														
Actuacións propias de animación														
A1														
A2														
A3														
A4														
A5														
A6														
A7														



A8														
A9														
A10														
A11														
A12														
A13														
Actividades formativas														
F1														
F2														
F3														
F4														
F5														
Actividades de cooperación														
C1														
C2														

I.8. Plan Financeiro

Táboa 10. Plan financeiro

SUBMEDIDA	TIPO DE PROXECTO	GASTO PÚBLICO DO PROGRAMA
Apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo	Produtivos	1.345.500 €
	Non produtivos (entidades públicas locais)	517.500 €
	Non produtivos (institucións de carácter privado)	207.000 €
	Formación promovida polo GDR	30.000 €
	TOTAL	2.100.000 €
Cooperación Leader	Cooperación	150.000€
	TOTAL	150.000€
Axuda para custes correntes da estratexia de desenvolvemento local e para a animación	Custes Correntes	562.500,00 €
	Animación	187.500,00 €
	TOTAL	750.000,00 €
TOTAL PROGRAMA		3.000.000 €



TIPO DE PROXECTO	GASTO PÚBLICO DO PROGRAMA					TOTAL
	2023	2024	2025	2026	2027	
Produtivos		269.100 €	403.650 €	403.650 €		1.345.500 €
Non produtivos (entidades públicas locais)	269.100 €	0				
						517.500 €
Non produtivos (institucións de carácter privado)	103.500 €	103.500 €	155.250 €	155.250 €		
						207.000 €
Formación promovida polo GDR	41.400 €	41.400 €	62.100 €	62.100 €		
						30.000 €
TOTAL	0	420.000 €	630.000 €	630.000 €	420.000 €	2.100.000 €
Cooperación	0	37.500 €	37.500 €	37.500 €	37.500 €	150.000 €
TOTAL	0	37.500 €	37.500 €	37.500 €	37.500 €	150.000 €
Custes Correntes	0	112.500 €	168.750 €	168.750 €		562.500 €
	112.500 €					
Animación						187.500 €
TOTAL	6.000,00 €	148.800 €	223.200 €	223.200 €	148.800 €	750.000 €
TOTAL PROGRAMA	6.000,00 €	568.800 €	853.200 €	853.200 €	568.800 €	3.000.000 €

OBSERVACIÓNS AO CADRO FINANCEIRO

1.- % Proxectos produtivos 65% // % Proxectos Non Produtivos: 35%

2.- % Proxectos non produtivos entidades públicas: 25,00 %

- % Proxectos non produtivos entidades privadas: 10 %

3. - % proxectos non produtivos formación: 1 %

4.- % Proxectos de cooperación: 5%

5.- Na última columna determínanse o total dos fondos da estratexia que se destinan a cada submedida.



I.10. PLAN DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

As labores de seguimento, control e avaliación da estratexia serán coordinadas polo equipo técnico do GDR, responsable de identificar de forma periódica e ordenada o cumprimento dos obxectivos en relación co panel de indicadores definido para analizar a execución da estratexia.

O seguimento abarcará os seguintes aspectos clave:

- Posta en marcha da estratexia e das operacións subvencionadas.
- Plan Anual de Actuacións e do cumprimento de fitos (de acordo co panel de indicadores).
- Calidade da implementación da estratexia.
- Orzamento (correspondencia entre a execución financeira e técnica de acordo co calendario establecido).
- Relación directa coa entidade financiadora, e tamén cos organismos executores e beneficiarios.

I.10.1. Recursos para o seguimento da Estratexia

Coa finalidade de establecer un proceso ordenado que permita facer un seguimento de todas as actuacións, farase uso das seguintes ferramentas e recursos:

Informe anual de Seguimento: Este informe reportará sobre os éxitos conseguidos, pero tamén sobre os problemas identificados e as medidas previstas para a súa resolución.

Cuestionario anual de Seguimento: Desde a oficina técnica deseñárase un cuestionario ao obxecto de facer un seguimento global do proxecto baseado nas respostas achegadas polos executores/ beneficiarios e reportar sobre a evolución da estratexia. Estes cuestionarios servirán de base para a elaboración do Informe Anual que se presentará perante a Agader.

Reunións de Seguimento: Organizaranse reunións de seguimento ás que asistirán os beneficiarios e executores principais da estratexia (convocatorias de mesas sectoriais) nas que se revisará a evolución da mesma de acordo con os obxectivos e resultados marcados.

Reunións extraordinarias: Que permitan solucionar posibles desvíos no calendario e cumprimento de fitos e aplicar as medidas correctivas apropiadas.

Comité de seguimento: A Asemblea collera esta representación de Comité de seguimento e será a encargada de avaliar de xeito definitivo a consecución ou non dos obxectivos previstos.



I.10.2. Panel de indicadores de seguimento

Para realizar o seguimento e avaliación da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo establecéronse un Panel de indicadores co que se poderá medir a evolución da estratexia no tempo a través do cumprimento de fitos.

Este panel reflectirá o cumprimento dos indicadores da EDLP e actualizarase cada anualidade a través dos cuestionarios de seguimento realizados por cada beneficiario/ executor coincidindo coa entrega do Informe Anual de Seguimento. O panel reflectirá os indicadores de relevancia que, suxeitos a cada un dos obxectivos temáticas/ áreas de intervención/ obxectivos estratéxicos/ obxectivos específicos/ medidas/ programas/ proxectos permitirán a posta en marcha de todo o proceso de seguimento e avaliación.

En base aos indicadores indicados anteriormente, e as variables concretas asociadas, o equipo técnico establecerá as pautas concretas para a súa extracción e tratamento. A partir deste traballo definirase con precisión que tipo de información en concreto é preciso extraer e cales serán as fontes para a súa obtención (solicitudes de axuda, solicitudes de pago etc...).

Establecerase un sistema de recollida de información, co fin de que as variables poidan ser recollidas adecuadamente desde o inicio de execución da estratexia Para a análise doutra información requirida para o adecuado cálculo de indicadores (poboación, actividade económica no territorio etc.)/ etc.) utilizaranse fontes estatísticas oficiais, establecendo, se é necesario acordos con organismos pertinentes para a obtención doutras informacións específicas.

Recompilación

Na medida do posible solicitarase a definición de variables nas solicitudes de axudas e convocatorias co fin de que os beneficiarios fornezan esta información nas súas solicitudes. Nos casos necesarios poñeranse en marcha outras técnicas de investigación co fin de obter información adicional: enquisas, entrevistas, controis “in situ” etc.

Extracción, agregación e tratamento:

Unha vez recompilados os datos, manterase un seguimento continuo dos indicadores de execución e anualmente realizarase unha agregación e análise do resto de indicadores, para a súa inclusión no Informe anual de seguimento, coa colaboración en función da información necesaria da AGADER

Para poder obter os datos requiridos son os que permitirán dar resposta aos distintos tipos de indicadores que inclúe o sistema de seguimento e avaliación, utilizaranse as seguintes fontes de información:

1. **Indicadores de contexto e xenerais do territorio**, en base a fontes estatísticas actualizadas que se poden atopar nas distintas fontes oficiais:
 - a. Estatísticas oficiais nacionais, do Instituto Nacional de Estatística (INE).
 - b. Datos estatísticos procedentes dos municipios que compoñen o territorio.
 - c. Instituto Galego de Estatística
 - d. Estatísticas oficiais europeas.
 - e. Estudos realizados por diferentes organismos e entidades.
2. **Indicadores target**: Iranse actualizando a partir dos indicadores de execución que os definen. En determinados casos, desenvolveranse estudos específicos orientados a dar resposta aos que non estean dispoñibles.
 - a. Indicadores de execución. As variables concretas que permitan a súa progresiva actualización obteranse de:
 - b. Solicitudes de axuda de cada beneficiario.
 - c. Propostas presentadas en procesos de convocatoria.
 - d. Datos asociados a cada expediente.
 - e. Follas de control de asistencia e participación.
3. **Indicadores de execución financeira**: Realizarase un seguimento continuo, en base a:
 - a. Bases de datos dos expedientes e solicitudes, contías de investimentos previstos e subvencións.
 - b. Bases de datos da AGADER con información dos pagos realizados. Respecto a os recursos utilizados, o seguimento, control e avaliación da implementación da EDLP corresponderá ao equipo técnico do GDR, podéndose apoiar en recursos externos de apoio cando sexa necesario.

Respecto a os recursos utilizados, o seguimento, control e avaliación da implementación da EDLP corresponderá ao equipo técnico do GDR, podéndose apoiar en recursos externos de apoio cando sexa necesario.

I.10.3. Avaliación da EDLP

Igualmente, a Oficina Técnica ocuparase da Avaliación da EDLP, que incluírá:



Avaliación ex-ante: obxectivos seleccionados.

O Grupo realizou a avaliación da condición ex ante da estratexia analizando a capacidade desta de cumprir coa consecución efectiva e eficiente dos obxectivos para alcanzar establecidos polo FEADER para este período 2023-2027 e de ter unha incidencia directa nela.

Avaliación durante: impacto e valor engadido.

Realizarase, durante toda a fase de implementación da EDLP, unha avaliación adecuada da mesma contribuíndo á elaboración dos informes de execución que deberán presentarse cada ano.

Achegarase información sobre a execución financeira e o cumprimento de indicadores incorporando os avances na consecución dos obxectivos e os cambios nos valores de indicadores de resultados.

Finalmente, a avaliación durante permitirá analizar e posteriormente achegar á AGADER a información necesaria para cumprir cos estipulado na estratexia:

- Funcionamento dos sistemas de xestión, coordinación e seguimento entre executores e beneficiarios: non reunións, listaxes de asistentes, organización das comunicacións, elevación de actas, atención ás solicitudes dos beneficiarios, cumprimento dos acordos adoptados, etc. •
- Posta en marcha dos programas e proxectos: análise do rol de cada beneficiario en cada un das intervencións e a súa implicación na realización das mesmas. Análise do gasto e do cumprimento do calendario financeiro para a execución da estratexia.
- Análise dos recursos humanos e das capacidades e outros recursos postos ao dispor por cada beneficiario/ executor para o bo funcionamento das actividades.
- Análise de adecuación ás normas financeiras, de publicidade e de comunicación establecidas polos regulamentos comunitarios.
- Análise dos efectos e impactos da estratexia.

Avaliación ex-post: informe de resultados. Co obxectivo de permitir examinar a eficacia e a eficiencia do FEADER e a súa contribución á estratexia da Unión para un



crecemento intelixente, sostible e integrador, realizarase unha avaliación ex post que permita analizar os resultados conseguidos, os efectos e impactos logrados etc.

I.10.4. Informe anual de seguimento

Tódolos anos realizarase un Informe anual de seguimento coa información correspondente ao período de que se trate e a acumulada desde o comezo da Estratexia. O contido do devandito informe incorporarase á memoria anual da asociación que se exporá ante todos os socios en sesión da Asemblea Xeral, que deberán aprobar a xestión levada a cabo pola Xunta Directiva.

Sen prexuízo que do devandito informe de seguimento conte coa estrutura e información que a AGADER dos fondos considere relevante, de modo indicativo, espérase que o informe inclúa:

- A evolución da EDLP en relación cos obxectivos establecidos, describindo as medidas, axudas aprobadas e proxectos levados a cabo, xunto cos indicadores que permitan avaliar o mesmo.
- A execución financeira por ámbitos de programación, diferenciando as contías previstas, comprometidas, certificadas e pagas pola Autoridade de Xestión.
- Modificacións que sufrise o Plan Financeiro e descrición dos problemas que xurdisen na xestión da Estratexia e medidas adoptadas para a súa resolución. As modificacións deberán xustificarse razoadamente. A solicitude de modificación deberá ser aprobada pola Xunta Directiva e remitida á AGADER.
- Cambios nas condicións xerais que afectan á execución da EDLP, incluíndo as modificacións nas políticas rexionais, estatais e comunitarias.
- A relación de asociados e novos asociados
- O persoal que integra os órganos de xestión e dirección da Asociación.
- O persoal que integra o equipo técnico.
- O responsable administrativo financeiro, no seu caso.
- Os procedementos de xestión, incluíndo os criterios de selección e baremación dos proxectos presentados.



Táboa 11. Indicadores de resultados e avaliación

INDICADORES DE RESULTADO

INDICADOR	DEFINICIÓN	VALORES ESTIMADOS PARA O PERÍODO 2023-2027
Número de empresas que reciben axuda	Número de empresas que reciben axuda do GDR para investimentos en reestruturación ou modernización da súa actividade	25
Superficie de terra agraria recuperada	Superficie de terra agraria recuperada obxecto de subvención	325
Lograr un uso máis eficiente da enerxía na agricultura e na transformación de alimentos	Número de explotacións ou empresas dedicadas á agricultura e na transformación de alimentos en proxectos financiados polo GDR	10
Lograr un uso máis eficiente da enerxía nas empresas do territorio	Numero de empresas de proxectos financiados polo GDR	15
Emprego creado	Emprego creado nos proxectos financiados polo GDR: número de postos de traballo	44
Número de poboación rural obxecto de estratexias de desenvolvemento local	Número de poboación beneficiaria polas actuacións financiadas dende o GDR	50.000 hab
Número de poboación rural que se beneficia de servizos/infraestruturas	Número de poboación rural que se beneficia de servizos/infraestruturas novos ou mellorados	38.000 hab
Número de poboación rural que se beneficia de servizos/infraestruturas das tecnoloxías da información e a comunicación	Número de poboación rural que se beneficia de servizos/infraestruturas novos ou mellorados vinculados ás tecnoloxías da información e a comunicación - TICs	25.000 hab



INDICADORES DA AVALIACIÓN DA XESTIÓN DO GDR

DEFINICIÓN	VALORES ESTIMADOS PARA O PERÍODO 2023-2027
Gasto público	3.000.000 €
Investimento total, en euros, correspondente a proxectos Non produtivos financiados dende o GDR	720.000 €
Investimento total, en euros, correspondente a proxectos produtivos financiados dende o GDR	1.490.000 €
Número de actividades/operacións subvencionadas	126
Número de explotacións/beneficiarios subvencionados	12
Superficie total subvencionada (en hectáreas)	300 ha
Número total de contratos vinculados á concesión de subvencións dende o GDR	125 creados e/ou consolidados
Número de beneficiarios de prestacións	93
Número de beneficiarios asesorados directamente dende o GDR	315
Poboación (número de habitantes) beneficiaria de servizos/infraestruturas mellorados (vinculados ás TICs ou outros)	25.000 hab
Número de proxectos Leader financiados dende o GDR	126
Número de proxectos de cooperación subvencionados	7
Número de promotores de proxectos presentados ao GDR para a súa avaliación	250
Tipoloxía de promotores de proxectos presentados ao GDR para a súa avaliación, en base a dúas variables: Sexo: home ou muller. Idade: Menos de 35 anos, entre 36 e 50, 51 a 64 anos ou máis de 64 anos	Non é posible facer estimacións previas unha vez se modifican as normas para favorecer un perfil diferente o de períodos anteriores
Número de ferramentas de comunicación utilizadas polo GDR	23
Número de actividades da REDR nas que participase o GDR	3



ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO LEADER 2023-2027



ANEXO

NORMAS DE XESTIÓN E BAREMO



**NORMAS PARA A XESTIÓN E BAREMO PARA A ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO
LOCAL DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL TERRAS DE PONTEVEDRA
NORTE**

1. INTRODUCCIÓN

2. LÍMITES DE AXUDA PÚBLICA MÁXIMA

2.1. IMPORTE DAS AXUDAS DOS PROXECTOS PRODUTIVOS.

2.2. IMPORTE DAS AXUDAS DOS PROXECTOS NON PRODUTIVOS.

2.2.1 Non serán elixibles dentro das estratexias de desenvolvemento rural

3. DESCRICIÓN DOS CRITERIOS DE SELECCIÓN E PRIORIZACIÓN DOS PROXECTOS

3.1. PRIORIDADES DOS PROXECTOS PRODUTIVOS. PRIORIDADES DOS PROXECTOS
NON PRODUTIVOS.

3.1.1 Proxectos non produtivos de prioridade alta.

3.1.2 Proxectos non produtivos de prioridade media.

3.1.3 Proxectos non produtivos de prioridade baixa.

3.2. DESCRICIÓN DO PROCEDEMENTO DE PRIORIZACIÓN

4. REQUISITOS DOS PROXECTOS CON CARÁCTER XERAL

5. TIPOLOXÍA DOS PROXECTOS

5.1. EN FUNCIÓN DA SÚA NATUREZA

5.1.1 Produtivos.

5.1.2 Non produtivos

5.2. EN FUNCIÓN DO SEU BENEFICIARIO.

5.2.1 Promotores públicos.

5.2.2 Promotores privados.

5.2.3 Proxectos propios do GDR

5.2. EN FUNCIÓN DA INCLUSIÓN INICIAL NA ESTRATEGIA.

5.2.1. Programados

5.2.2. Non programados

6. PROXECTOS SUBVENCIONABLES CON CARÁCTER XERAL

7. PROXECTOS NON SUBVENCIONABLES COMO REGRA XERA

8. SUBVENCIONALIDADE DOS GASTOS

8.1. GASTOS SUBVENCIONABLES CON CARÁCTER XERAL

8.2. GASTOS NON SUBVENCIONABLES CON CARÁCTER XERAL

9. INVERSIÓNS EN ESTABLECEMENTOS TURÍSTICOS

10. INVERSIÓNS NO SECTOR COMERCIO POLO MIUDO

10.1. VENDA RELACIONADA CON PRODUTOS ALIMENTARIOS

10.1.1 Definicións



10.1.2 Limitacións sectoriais

11. INVERSIÓNS EN ACTIVIDADES ECONÓMICAS DO SECTOR SERVIZOS

12. INVERSIÓNS EN EMPRESAS DE SERVIZOS FORESTAIS

13. INVERSIÓNS EN CENTROS SOCIAIS

14. IMPORTE DAS AXUDAS

14.1. IMPORTE DAS AXUDAS DOS PROXECTOS PRODUTIVOS

14.2. IMPORTE DAS AXUDAS DOS PROXECTOS NON PRODUTIVOS

15. BAREMOS DOS PROXECTOS

15.1. OS PROXECTOS PRODUTIVOS

15.1.1. Baremo

15.1.2. Puntuación e porcentaxes de axuda.

15.2. BAREMO DOS PROXECTOS NON PRODUTIVOS

15.2.1. Baremo

15.2.2. Puntuación e porcentaxes de axuda

15.2.3. Empate no baremo



1. INTRODUCCIÓN.

Dentro dos obxectivos do Feader para contribuír á estratexia Europa 2023-2027, a metodoloxía Leader contribúe directamente a **«acadar un desenvolvemento territorial equilibrado das economías e comunidades rurais, incluíndo a creación e conservación do emprego»**.

No marco do réxime de axudas, os proxectos e actuacións subvencionables deberán contribuír a acadar algún dos obxectivos indicados a continuación:

- a) Mellorar as condicións para crear e manter emprego no medio rural.
- b) Mellorar e implementar servizos para a poboación nas zonas rurais, favorecendo a mellora do nivel de vida da poboación rural, a inclusión social e a redución da pobreza.
- c) Favorecer a ocupación sustentable do territorio, prestando atención especial aos colectivos máis desfavorecidos, como as mulleres, os mozos/as, as persoas con discapacidade, as persoas maiores, etc.
- d) Garantir a sustentabilidade da actividade no medio rural mediante un coidado e utilización adecuados dos recursos naturais.
- e) Potenciar a gobernanza local e a animación social do territorio.
- f) Contribuír á concienciación e ao fomento da necesidade de pasar a unha economía baixa en carbono e capaz de adaptarse ao cambio climático, fomentando a utilización de enerxías renovables e a mellora da eficiencia enerxética.

Ademais estes deberán cumprir as condicións de subvencionabilidade que se especifican nas seguintes submedidas:

- Promotores públicos e privados:

19.2: «apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo».

- A ADR Terras de Pontevedra Norte:

19.1: «apoio á preparación de estratexias de desenvolvemento local»

19.2: «apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo».

Referido a proxectos de formación, referidos a proxectos de capacitación para o emprego dirixidos á poboación activa do seu territorio, coa finalidade de aumentar a empregabilidade, tanto por conta propia como por conta allea.



19.4.A: « custos correntes da estratexia de desenvolvemento local».

19.4.B: « animación e promoción territorial».



2. LIMITES DE AXUDA PÚBLICA MÁXIMA.

«APOIO PARA A REALIZACIÓN DE OPERACIÓN CONFORME A ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO».

2.1. Importe das axudas dos proxectos produtivos.

- O importe de axuda que, como máximo, pode percibir un proxecto de natureza produtiva ascenderá a **100.000,00 €**.
- Aqueles proxectos produtivos que se amporen no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado ás axudas de *minimis*, limitaranse a un máximo de 200.000,00 € por promotor durante un período de tres exercicios fiscais.
- A porcentaxe de axuda máxima ascenderá ao **50 %**.
- A porcentaxe mínima de axuda situarase, nun **30 %** para proxectos de natureza produtiva.
- Os proxectos do ámbito do sector da produción agraria primaria, que supoñan a realización dunha actividade agrícola, gandeira ou agroforestal complementaria á actividade principal non agraria da unidade familiar e que, en todo caso, consistan en pequenos investimentos estarán limitados os importes fixados na normativa correspondente.

PROXECTOS DE NATUREZA PRODUTIVA	
IMPORTE MAXIMO DE AYUDA	100.000,00 €
% AXUDA MÁXIMA	50,00 %
% AXUDA MÍNIMA	30,00 %



2.2. Importe das axudas dos proxectos non produtivos.

- ▶ Os proxectos de natureza non produtiva estarán limitados a unha axuda máxima de **50.000,00 €** por proxecto.
- ▶ Aqueles proxectos que non deban ampararse no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado ás axudas de *minimis* poderán alcanzar os **200.000,00 €** no caso de que a Agader o autorice expresamente.
- A porcentaxe máxima de axuda para os proxectos non produtivos se establece en función das seguintes porcentaxes:
 - **Máximo de axuda de 90 %.**
 - **Mínimo de axuda de 30 %.**

PROXECTOS PRIORIDADE	PRIORIDADE		
	ALTA	MEDIA	BAIXA
MÁXIMA AXUDA	90,00%	70,00%	50,00%
MÍNIMA AXUDA	70,00%	50,00%	30,00%

- ▶ A porcentaxe máxima de axuda para os proxectos non produtivos de formación promovidos directamente polo GDR, poderán alcanzar o **100,00 %** de axuda.

PROXECTOS DE FORMACIÓN PROMOVIDO POLO GDR	
AXUDA	100,00 %

A axuda pública percibida polos GDR para estes proxectos de formación encadrados na submedida (19.2) estará amparada no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado ás axudas de *minimis*.



2.2.1 Non serán elixibles dentro das estratexias de desenvolvemento rural:

- a) **Os proxectos de infraestruturas asociadas a servizos de prestación obrigatoria por parte das entidades locais ou servizos esenciais declarados de reserva a favor das entidades locais**, nos termos establecidos nos artigos 26 e 86.3º, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como os servizos esenciais para os cales o artigo 86 da citada lei declara a reserva a favor das entidades públicas locais e os de prestación mínima previstos no artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- b) **Os proxectos de sinalización territorial quedan excluídos**. Os proxectos de sinalización turística promovidos polos GDR limitaranse ás condicións e requisitos establecidos no convenio Sinalizacións turística que se asine entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e a Axencia de Turismo de Galicia, e que sexa de aplicación para as actividades turísticas no medio rural durante o período de programación 2023-2027.
- d) Para os investimentos no sector das enerxías renovables queda excluído de financiamento a través do programa Leader calquera tipo de **investimento en enerxías renovables cuxo destino ou finalidade principal sexa a venda á rede**.
- g) Os investimentos que consistan na **adquisición de maquinaria para a realización de servizos agrarios e/ou forestais** quedan excluídos de financiamento a través do programa Leader.
- i) Os investimentos consistentes na **elaboración de estudos, edición de libros ou guías e páxinas web terán un límite máximo de axuda de 10.000,00 € por proxecto**.
- j) Os investimentos relacionados con instalacións ou centros que presten o servizo de calquera **ensinanza que teña carácter regrado** quedan excluídos de financiamento a través do programa Leader.



3. DESCRIPCIÓN DOS CRITERIOS DE SELECCIÓN E PRIORIZACIÓN DOS PROXECTOS.

3.1. Prioridades dos proxectos produtivos.

Tal e como se acordou cos actores locais durante o proceso participativo levado a cabo, se determinaron unha serie de tipoloxía de proxectos que se considera deben de ser prioritarios.

- Servizos dirixidos a os seguintes colectivos: maiores de 65 anos, persoas con diversidade funcional (certificado de discapacidade $\geq 33\%$), menores de 18 anos.
- Empresas promovidas por promotores: mulleres, mozos (< 41 anos); maiores de 55 anos, persoas con diversidade funcional (certificado de minusvalía $\geq 33\%$); desempregados de longa duración, emigrantes retornados desde fora de Galicia.
- Proxectos innovadores que teñan por finalidade mellorar a capacidade exportadora do territorio mediante a transformación e comercialización de produtos agrarios da zona. *Entendendo como produtos agrarios os procedentes da agricultura, gandería e forestal.
- Proxectos turísticos vinculados ao territorio principalmente aqueles dirixidos á mellora da capacidade turística do territorio. * Entendendo como mellora da capacidade turística a creación ou ampliación de plazas de aloxamento, a creación de restaurantes de mais de un garfo, a creación de bares e cafeterías en lugares senlleiros, a creación de comercios que fomenten a artesanía local.
- Proxectos que contribúan a creación dun destino turístico sostible.
- Proxectos localizados na contorna do Camiño de Santiago ou na Ruta da Feira e Camiño Minota

3.2. Prioridades dos proxectos non produtivos.

Con relación aos proxectos non produtivos, establecéronse tres tipos de prioridades e que son as seguintes:

Proxectos de prioridade alta.

Proxectos de prioridade media.

Proxectos de prioridade baixa.



3.2.1. Proxectos non produtivos de prioridade alta.

- Proxectos de instalación de enerxías renovables e de mobilidade con combustibles non fósiles, incluído a instalación de puntos de recarga.
- Servizos de igualdade e benestar á poboación, tales como centros interxeneracionais, centros de inclusión e emerxencia social, inserción ou inclusión socio laboral para discapacitados, escolas infantís, centros para o coidado de persoas maiores (como pisos tutelados, vivendas comunitarias, centros de día) e a promoción dun envellecemento activo e saudable.
- Adaptación de espazos públicos recursos para persoas con mobilidade reducida ou outro tido de diversidade funcional.
- Servizos de transporte adaptado.
- Implantación de TICs no medio rural, tales como telecentros, aulas de informática, plataformas dixitais de servizos a empresas ou á poboación en xeral.
- Proxectos turísticos vinculados ao territorio principalmente aqueles dirixidos á creación dun destino turístico sostible:
 - Relacionados co Camiño de Santiago ou outros: Camiño dos Arrieiros, camiño Real.
 - Cultura castrexa, o románico.
 - Encoro de Portodemouros e o río Ulla.
 - Espazos naturais protexidos: (Rede Natura 2000 e Rede Galega de Espazos Protexidos).
 - Turismo medioambiental e agroturismo.
 - Turismo industrial.
 - Turismo gastronómico.
 - Turismo deportivo e as súas instalacións deportivas de carácter público.
 - Centros de promoción de recursos ou puntos de información turística.



3.2.2. Proxectos non produtivos de prioridade media.

- ▶ Centros sociais e o seu acondicionamento e equipamento.
- ▶ Infraestruturas de lecer: ludotecas, áreas recreativas, parques ou espazos de ocio e instalacións deportivas.
- ▶ Recuperación e restauración de elementos patrimoniais catalogados.
- ▶ Actuacións de recuperación patrimonial, paisaxística e etnográfica, tales como actuacións ambientais en espazos protexidos, museos, intervencións arqueolóxicas, recuperación de construcións de interese arquitectónico, social ou cultural; aulas de natureza, centros de interpretación.

3.2.3. Proxectos non produtivos de prioridade baixa.

- ▶ Participación en certames, eventos, feiras, edición de libros, mapas, guías, páxinas web e concursos vinculados á valorización dos recursos do territorio.
- ▶ Eventos de difusión ou estudos vinculados á valorización dos recursos do territorio.
- ▶ Outros proxectos subvencionables non comprendidos nas categorías anteriores.

3.3. Descrición do procedemento de priorización.

En base a estes criterios e co obxectivo de que a Xunta Directiva remita a AGADER a relación dos proxectos para os que se propón a concesión de axuda con cargo á anualidade, se deseñou o procedemento que a continuación se describe, o cal é non discriminatorio e transparente, de priorización dos proxectos que contén coa verificación favorable do ICE.

Hai que ter en conta que:

1º Só poderán financiarse proxectos ata o límite de crédito dispoñible no cadro financeiro en cada anualidade.

2º Hai que diferenciar entre:

a) Proxectos Produtivos :

Os cales, unha vez avaliados, establecerase unha relación ordenada de maior a menor en función da puntuación acadada no baremo.

Tamén terase en conta o seguinte:

- A distribución por anualidades.
- O prazo máximo de execución do proxecto.



b) Proxectos non produtivos.

En primeiro lugar hai que distinguir entre:

- Proxectos promovidos por entidades públicas.
- Proxectos promovidos por institucións de carácter privado.

Establecer relación ordenada de maior a menor en función da priorización dos proxectos do seguinte xeito:

- 1º Proxectos non produtivos de prioridade alta.
- 2º Proxectos non produtivos de prioridade media.
- 3º Proxectos non produtivos de prioridade baixa.

Tal e como ocorre nos proxectos produtivos, hai que ter en conta tamén:

- A puntuación acadada no baremo.
- A distribución por anualidades.
- O prazo máximo de execución do proxecto.


O procedemento de tramitación de expedientes das axudas LEADER de GALICIA 2023-2027 require o establecemento de uns procedementos a seguir na tramitación de solicitudes, cunha secuencia estandarizada de cada unha das fases da tramitación.

A continuación se inclúe un diagrama de fluxo cunha proposta do procedemento básico a seguir na tramitación dun expediente, así como dos actores que interveñen en cada un deles.


Este procedemento será perfeccionado unha vez se aprobe a estratexia con maior detalle, incorporando as indicacións de AGADER neste senso.



NORMAS PARA A XESTIÓN DA ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO RURAL




NORMAS PARA A XESTIÓN DA ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO RURAL



NORMAS PARA A XESTIÓN DA ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Administración GDR	
-------------------------------	--



4. REQUISITOS DOS PROXECTOS CON CARÁCTER XERAL.

Os proxectos deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a. Estar localizado no ámbito territorial da ADR TERRAS DE PONTEVEDRA NORTE. Tendo en conta que se excluíron do territorio elixible as entidades singulares de poboación de Lalín e A Estrada, por superar ambas os 6.000 habitantes.
- b. Viabilidade dos proxectos de natureza produtiva: Ser viables técnica, económica e financeiramente.
- c. Viabilidade dos proxectos de natureza non produtivos: Ser viables técnica e financeiramente.
- d. Adecuarse á estratexia de desenvolvemento local definida.
- e. Axustarse á normativa sectorial (comunitaria, estatal e autonómica) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto e ás bases reguladoras das subvencións que se dicten para o efecto.
- f. Non estar iniciados na data da presentación da solicitude de axuda. Para estes efectos, considérase como inicio do investimento o comezo dos traballos de construción, ou ben o primeiro compromiso en firme para a petición dos equipamentos ou outro compromiso que faga o investimento irreversible e que vincule xuridicamente o solicitante, se esta data é anterior. Porén, a compra de terreos e os traballos preparatorios, como a obtención de permisos e a realización de estudos de viabilidade, non terán a consideración de inicio dos traballos.
- g. Ser finalistas, é dicir, que na data da xustificación final dos investimentos ou gastos subvencionados cumpran os obxectivos e funcións para os cales foron aprobados os proxectos. Non poderán subvencionarse fases dun proxecto que non constitúan unha actividade finalista.
- h. Ter carácter innovador, entendendo innovación non só como innovación tecnolóxica, senón como a exploración de novos xeitos de enfrontarse aos retos de cada territorio.



5. TIPOLOXÍA DOS PROXECTOS.

5.1. En función da súa natureza.

5.1.1. Produtivos.

Proxectos produtivos: proxectos que supoñen a realización dunha actividade económica, tendentes á produción de bens ou servizos e que supoñen unha creación e/ou mantemento de emprego. Os proxectos de natureza produtiva deberán acadar, cando menos, un 65 % dos fondos públicos totais asignados a cada GDR no ámbito das axudas a operacións de terceiros.

5.1.2. Non produtivos

Proxectos non produtivos: proxectos promovidos por entidades sen ánimo de lucro, entidades públicas locais, comunidades de montes veciñais en man común ou as súas mancomunidades, que non supoñan o inicio ou o desenvolvemento dunha actividade económica. No suposto de que o proxecto constitúa unha actividade económica, terá a consideración de non produtivo no caso de que se cumpran as condicións sinaladas nos parágrafos segundo e terceiro do artigo 15.1 da Resolución do 27 de abril de 2023, pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coa estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas

En todo caso, esixírase que os proxectos non produtivos **teñan un interese público ou colectivo**, é dicir, deberán ser proxectos que afecten, interesen ou beneficien dalgún xeito o conxunto da poboación en xeral.



5.2. En función do seu beneficiario.

Hai que distinguir entre:

5.2.1. Promotores públicos.

Proxectos promovidos polas entidades públicas de carácter local, tales como concellos, mancomunidades, consorcios e/ou entidades dependentes das anteriores.

5.2.2. Promotores privados.

Proxectos promovidos por persoas físicas ou xurídicas de carácter privado, incluíndo as comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades.

Con excepción das entidades públicas de carácter local que poidan ser beneficiarias dun proxecto de natureza produtiva, os beneficiarios dos proxectos produtivos limitaranse ás pequenas empresas, segundo a definición do anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

5.2.3. Proxectos propios do GDR.

Poderán ser beneficiarios de proxectos de formación dirixidos a fomentar a capacitación para o emprego da poboación activa do seu territorio, coa finalidade de aumentar a empregabilidade, tanto por conta propia como por conta allea.

5.2. En función da inclusión inicial na estratexia.

5.2.1. Programados.

Aqueles proxectos definidos inicial e especificamente na propia estratexia do GDR.

5.2.2. Non programados.

Proxectos non definidos inicialmente na estratexia do GDR pero coherentes cos obxectivos específicos que recolle nesta.

Proxectos que atendendo á súa singularidade e innovación, poden ser seleccionados, y cumplan coa normativa e cos criterios de coherencia con outras intervencións públicas que se aplican no territorio.



6. PROXECTOS SUBVENCIONABLES CON CARÁCTER XERAL.

Serán subvencionables como regra xeral:

a. Os investimentos, de natureza produtiva, elixibles en transformación e comercialización de produtos agrarios. Considéranse como produtos agrarios os produtos enumerados no anexo I do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, excepto os produtos da pesca. Considerarase transformación e comercialización de produtos agrarios cando polo menos o 85 % de materias primas utilizadas para a transformación estean incluídas no citado anexo I do Tratado. O resultado do proceso de produción poderá ser un produto non recollido no dito anexo. Unicamente se apoiarán a través do Leader pequenos investimentos, tendentes á creación e/ou modernización de empresas de transformación e comercialización de produtos agrarios consistentes en investimentos tanxibles e intanxibles de pequena dimensión (ata o máximo do orzamento total subvencionable de 60.000,00 euros), destinados a mellorar a competitividade e/ou a sustentabilidade ambiental das pequenas agroindustrias do rural galego.

No suposto de que o departamento da Xunta de Galicia que teña a competencia específica na intervención referida á xestión das axudas correspondentes a investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios estableza nas súas liñas de axuda un importe mínimo elixible para os proxectos obxecto das súas axudas superior aos citados 60.000 euros, os GDR poderán seleccionar proxectos cuxo investimento elixible non supere ese novo importe.

Os investimentos deben cumprir a normativa aplicable en materia de sanidade e benestar animal, de ser o caso.

Conforme iso:

a) Non se concederán axudas a solicitantes que presenten proxectos relativos a instalación xa existentes que non acrediten dispoñer de rexistro sanitario, ou que non cumpran, de ser o caso, a normativa de benestar animal, ou a relativa á elaboración de produtos para alimentación animal.

b) Non se pagarán axudas a beneficiarios que non acrediten, tras a execución dos investimentos, dispoñer de rexistro sanitario actualizado ou vixente, así como, de ser o caso, cumprir a normativa de benestar animal ou a relativa á elaboración de produtos para alimentación animal. Esta acreditación non será exixida no caso de que os investimentos previstos, dadas as súas características, non supoñan unha alteración das actividades da empresa que afecten o rexistro sanitario vixente, ou alteren as



condicións relativas ao benestar animal ou á elaboración de produtos para alimentación animal.

Unicamente se apoiarán pequenos investimentos, tendentes á creación e/ou modernización de empresas de transformación e comercialización de produtos agrarios consistentes en investimentos tanxibles e intanxibles de pequena dimensión, destinadas a mellorar a competitividade das pequenas agroindustrias do rural galego.

b. Investimentos en transformación e comercialización de produtos forestais.

Considerando transformación e comercialización de produtos forestais as operacións anteriores á transformación industrial da madeira. investimentos para o uso da madeira como materia prima e fonte de enerxía, así como a produción de bioproductos forestais como pode ser o aproveitamento de resinas ou similares, a produción de cogomelos baixo substrato forestal, equipamento, recolla e procesamento de castaña. En todos os casos, os investimentos están referidos á produción a pequena escala.

Os proxectos promovidos por comunidades ou mancomunidades de montes veciñais en man común ou por agrupacións de propietarios serán subvencionables no caso de que inclúan unha extensión superior ás 15 hectáreas.

Co obxecto de delimitar polo miúdo os proxectos subvencionables que se poden encadrar nesta tipoloxía de proxectos, cómpre sinalar que a maquinaria que se considerará subvencionable deberá estar asociada, en todo caso, ao uso da madeira como materia prima e fonte de enerxía, tendente á produción a pequena escala de tronza de madeira e/ou para pélets. En concreto, a maquinaria subvencionable a través desta tipoloxía de proxectos será a indicada no anexo II da Resolución de 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o periodo 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias aos referidos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento lcoal que sexan seleccionadas.

Por outra parte, cómpre compatibilizar a subvencionabilidade dos investimentos a que se fai referencia no parágrafo anterior co disposto no artigo 9.2.g), que dispón que os investimentos que consistan na adquisición de maquinaria para a realización de servizos forestais quedan excluídos de financiamento a través do programa Leader. Neste sentido as empresas que opten ás axudas previstas neste artigo deberán acreditar que, polo menos unha porcentaxe do 50 % da súa facturación está vinculada ao uso da madeira como materia prima e fonte de enerxía, tendente á produción a pequena escala de tronza de madeira e/ou para pélets, achegando un contrato,



facturación ou calquera medio de proba que o acredite. A porcentaxe do orzamento aceptado que será subvencionable irá en concordancia coa porcentaxe da súa facturación que se destina ao uso indicado. Esta porcentaxe de facturación formará parte dos compromisos asumidos polo promotor na resolución de concesión de axuda que se emita nesta tipoloxía de proxectos.

A intensidade de axuda situarase nun máximo do 40 % do investimento total subvencionable.

- c. **A creación, modernización ou ampliación de todo tipo de empresas** que desenvolvan actividades non agrarias.

Subvencionaranse proxectos que, respondendo ao obxectivo xeral de mellora da calidade de vida en zonas rurais e diversificación da economía rural, supoñan a creación, ampliación e modernización de pequenas empresas, en sectores da economía distintos ao da produción agraria primaria.

Para estes efectos, entenderase por creación a posta en marcha dunha nova empresa ou, no caso de que a empresa xa tivese actividade comercial con carácter previo á solicitude de axuda, a posta en marcha dunha actividade distinta á que viñese desenvolvendo con carácter previo á data da solicitude de axuda. Considérase que a actividade é distinta cando a división do Código nacional de actividades económicas (CNAE) correspondente á nova actividade sexa distinta á división do CNAE correspondente á actividade ou actividades comerciais que tivese a empresa con carácter previo á data da solicitude de axuda.

Por modernización entenderase a diversificación da produción dun establecemento en novos produtos adicionais ou un cambio fundamental na natureza da produción ou na tecnoloxía correspondente.

Os investimentos que se limiten a substituír un edificio ou unha máquina existente, ou partes deles, por un edificio ou por outra máquina nova, unicamente serán subvencionables no caso de que a substitución supoña ampliar a capacidade de produción en máis dun 25 % con respecto á que viña desenvolvendo o edificio ou a maquinaria substituída.



- d. **Bono Activa rural.** O bono Activa rural configúrase como unha subvención que se basea nun importe de axuda a tanto global destinado á creación e posta en marcha de actividades non agrícolas en zonas rurais.

A axuda non estará vinculada á xustificación de ningún gasto ou investimento, senón que se vincula ao mantemento da actividade e ao cumprimento do plan empresarial presentado pola persoa seleccionada durante un determinado período de tempo. Este plan empresarial deberá demostrar a viabilidade económica e técnica da empresa, apoiándose para iso nas condicións de mercado. Os proxectos que se beneficien desta modalidade de axuda concorrerán cos demais proxectos de natureza produtiva que se presenten ao abeiro das diferentes convocatorias.

As persoas beneficiarias desta tipoloxía de proxectos son as persoas físicas, que se dean de alta no réxime de traballadores autónomos e xeren unha actividade empresarial a título individual en que polo menos creen o seu posto de traballo, sempre e cando non estivesen dadas de alta no réxime de autónomos na mesma actividade para a que se solicita a axuda nos últimos tres anos e que opten por esta modalidade de axuda na correspondente solicitude de axuda, a través do recadro que se habilitará para o efecto. A axuda poderá acadar ata un máximo de 18.000 euros e pagarase en dúas anualidades. A obtención desta axuda comportará a obriga de manter a actividade durante polo menos 5 anos, contados desde a data da alta censal.

No baremo correspondente aos proxectos produtivos establece os criterios de puntuación específicos para esta tipoloxía de proxectos,

A eficacia desta modalidade de axuda está condicionada á aprobación da correspondente modificación do Plan estratéxico da PAC que permita para o Leader de Galicia correspondente ao período 2023-2027 a aplicación desta forma de axuda.

- e. **Proxectos** que teñan un interese público ou colectivo, é dicir, que afecten, interesen ou beneficien dalgún xeito o conxunto da poboación ou da sociedade en xeral, e que non supoñan o inicio ou o desenvolvemento dunha actividade económica
- f. **Proxectos relacionados co mantemento, recuperación e rehabilitación do patrimonio cultural e natural** das poboacións, das paisaxes rurais e das zonas de alto valor natural, en particular as integrantes da **Rede Natura 2000** e demais territorios integrados na **Rede de Espazos Protexidos de Galicia**. isto dependerá de que o departamento da Xunta competente na materia acredite o interese da proposta ou ben de que estea definido como de interese no plan de mantemento, restauración, mellora



ou posta en valor do patrimonio natural ou cultural incluído na Estrategia de desenvolvemento local do GDR

O plan de mantemento, restauración, mellora ou posta en valor do patrimonio natural ou cultural a que se fai referencia no parágrafo anterior deberá contar con informe favorable previo do departamento da Xunta competente na materia.

- g. A creación, mellora ou ampliación de todo tipo de** servizos para a poboación rural, así como as **actividades recreativas e culturais, e as súas** correspondentes infraestruturas pequena escala. No suposto de que o proxecto, que deberá ser igualmente de interese público ou colectivo, comporte unha actividade económica por si mesmo ou de maneira coadxuvante, terá a consideración de non produtivo cando os ingresos que se xeren procedan de taxas no caso de proxectos promovidos por entidades públicas locais. No resto dos casos, tanto para os proxectos promovidos por entidades públicas locais en que os ingresos proceden de prezos públicos como nos casos de proxectos promovidos por outros promotores distintos ás entidades públicas locais, os proxectos poderán ter a consideración de non produtivos cando o beneficio bruto operativo non chegue a superar o resultado ou valor da capitalización do investimento ao xuro legal do diñeiro.
- h.** Alugamento de instalacións e equipamentos nos proxectos en que algunha das persoas que poidan ser beneficiarias ao abeiro da tipoloxía de proxectos non produtivos participe nalgún proxecto consistente nun certame, evento ou feira que reúna os requisitos para ter a consideración de proxecto non produtivo.
- i.** Investimentos de natureza non produtiva que estean vinculados a **proxectos de mobilización ou recuperación de terras** regulados na normativa vixente, así como as actuacións no solo de núcleo rural das aldeas modelo vinculadas a proxectos de rehabilitación, rexeneración e renovación do espazo urbano, enerxías renovables, TIC e economía circular.
- j.** Os **investimentos para o uso público en infraestruturas recreativas, información turística e infraestruturas de turismo a pequena escala.**
- k. A formación**, promovida polos GDR e dirixida á poboación activa do territorio, coa finalidade de aumentar a empregabilidade da poboación activa do territorio, tanto por conta propia como allea.



7. PROXECTOS NON SUBVENCIONABLES COMO REGRA XERAL

Non serán subvencionables como regra xeral:

1. Os que **non estean localizados no ámbito territorial** da ADR TERRAS DE PONTEVEDRA NORTE.
2. Proxectos de natureza **produtiva** que **non sexan viables técnica, económica e financeiramente**.
3. Proxectos de natureza **non produtiva** que **non sexan viables técnica e financeiramente**.
4. Proxectos que **non se axusten á normativa sectorial** (comunitaria, estatal e autonómica) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.
5. Proxectos que **non sexan finalistas**, é dicir, que na data da xustificación final dos investimentos ou gastos subvencionados cumpran os obxectivos e funcións para os cales foron aprobados os proxectos. Non tratarse de fases dun proxecto que non constitúan unha actividade finalista.
6. Proxectos que **non teñan carácter innovador**, entendendo innovación non só como innovación tecnolóxica, senón como a exploración de novos xeitos de enfrontarse aos retos de cada territorio.
7. Proxectos que estean iniciados antes da acta de non inicio do investimento.
8. Os proxectos encadrables no sector da **producción agraria primaria** (incluíndo na definición de sector da produción agraria primaria a produción agrícola, gandeira e forestal).
9. Os proxectos referidos á **xestión de residuos** procedentes da produción agrícola e gandeira tampouco serán elixibles.

Excepción 1:

Poderán financiarse, **os investimentos en explotacións agrarias referidos á mellora da eficiencia enerxética das explotacións e ao emprego de fontes de enerxías renovables**, atendendo á prioridade horizontal en todas as políticas da Unión Europea de loita contra o cambio climático e de adaptación cara a unha economía que diminúa as emisións de carbono,

En todo caso, deberá quedar acreditada mediante a presentación dun plan empresarial, acompañado dun informe emitido por un técnico cualificado competente ou dunha auditoría enerxética.



A redución dos custos derivados da mellora da eficiencia enerxética da explotación deberá **acadar un mínimo do 40 %**, e non será subvencionable a maquinaria automotriz.

Excepción 2:

Os proxectos do **ámbito do sector da produción agraria primaria que supoñan a realización dunha actividade agrícola, gandeira ou agroforestal** complementaria á actividade principal non agraria da unidade familiar e que, en todo caso, **consistan en pequenos investimentos** (ata un máximo de 30.000,00 € de orzamento subvencionable).

En todo caso, para este tipo de proxectos, o total da renda da unidade familiar, no momento da solicitude de axuda, non poderá ser inferior ao salario mínimo interprofesional vixente. Por outra parte, o resultado final da previsión económica, xuntando a actividade principal non agraria e a renda agraria derivada do proxecto, non poderá superar o quíntuplo do valor do citado salario mínimo interprofesional. O promotor incluírá no plan de empresa que presentará, xunto coa solicitude de axuda, a previsión da rendibilidade da explotación agraria.

Competirá á Agader, con base nos módulos que teña fixados a Consellería do Medio Rural para os plans de mellora de explotación agrarias, comprobar que os rendementos previstos son os que se corresponden coas características do proxecto presentado.

Excepción 3:

Os investimentos, de natureza produtiva, elixibles en transformación e comercialización de produtos agrarios. Considéranse como produtos agrarios os produtos enumerados no anexo I do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, excepto os produtos da pesca. Considerarase transformación e comercialización de produtos agrarios cando polo menos o 85 % de materias primas utilizadas para a transformación estean incluídas no citado anexo I do Tratado. O resultado do proceso de produción poderá ser un produto non recollido no dito anexo. Unicamente se apoiarán a través do Leader pequenos investimentos, tendentes á creación e/ou modernización de empresas de transformación e comercialización de produtos agrarios consistentes en investimentos tanxibles e intanxibles de pequena dimensión (ata o máximo do orzamento total subvencionable de 60.000,00 euros), destinados a mellorar a competitividade e/ou a sustentabilidade ambiental das pequenas agroindustrias do rural galego.



No suposto de que o departamento da Xunta de Galicia que teña a competencia específica na intervención referida á xestión das axudas correspondentes a investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios estableza nas súas liñas de axuda un importe mínimo elixible para os proxectos obxecto das súas axudas superior aos citados 60.000 euros, os GDR poderán seleccionar proxectos cuxo investimento elixible non supere ese novo importe.

Os investimentos deben cumprir a normativa aplicable en materia de sanidade e benestar animal, de ser o caso.

Conforme iso:

Excepción 4:

En investimentos en transformación e comercialización de produtos forestais.

Considerando transformación e comercialización de produtos forestais as operacións anteriores á transformación industrial da madeira. Investimentos para o uso da madeira como materia prima e fonte de enerxía, así como a produción de bioproductos forestais como pode ser o aproveitamento de resinas ou similares, a produción de cogomelos baixo substrato forestal, equipamento, recolla e procesamento de castaña. En todos os casos, os investimentos están referidos á produción a pequena escala.

Os proxectos promovidos por comunidades ou mancomunidades de montes veciñais en man común ou por agrupacións de propietarios serán subvencionables no caso de que inclúan unha extensión superior ás 15 hectáreas.

Co obxecto de delimitar polo miúdo os proxectos subvencionables que se poden encadrar nesta tipoloxía de proxectos, cómpre sinalar que a maquinaria que se considerará subvencionable deberá estar asociada, en todo caso, ao uso da madeira como materia prima e fonte de enerxía, tendente á produción a pequena escala de tronza de madeira e/ou para pélets. En concreto, a maquinaria subvencionable a través desta tipoloxía de proxectos será a indicada no anexo II da Resolución de 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o periodo 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias aos referidos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento lcoal que sexan seleccionadas.

Por outra parte, cómpre compatibilizar a subvencionabilidade dos investimentos a que se fai referencia no parágrafo anterior co disposto no artigo 9.2.g), que dispón que os investimentos que consistan na adquisición de maquinaria para a realización de servizos forestais quedan excluídos de financiamento a través do programa Leader.



Neste sentido as empresas que opten ás axudas previstas neste artigo deberán acreditar que, polo menos unha porcentaxe do 50 % da súa facturación está vinculada ao uso da madeira como materia prima e fonte de enerxía, tendente á produción a pequena escala de tronza de madeira e/ou para pélets, achegando un contrato, facturación ou calquera medio de proba que o acredite. A porcentaxe do orzamento aceptado que será subvencionable irá en concordancia coa porcentaxe da súa facturación que se destina ao uso indicado. Esta porcentaxe de facturación formará parte dos compromisos asumidos polo promotor na resolución de concesión de axuda que se emita nesta tipoloxía de proxectos.

A intensidade de axuda situarase nun **máximo do 40 %** do investimento total subvencionable.

Excepción 5:

Bono Activa rural. O bono Activa rural configúrase como unha subvención que se basea nun importe de axuda a tanto global destinado á creación e posta en marcha de actividades non agrícolas en zonas rurais.

A axuda non estará vinculada á xustificación de ningún gasto ou investimento, senón que se vincula ao mantemento da actividade e ao cumprimento do plan empresarial presentado pola persoa seleccionada durante un determinado período de tempo. Este plan empresarial deberá demostrar a viabilidade económica e técnica da empresa, apoiándose para iso nas condicións de mercado. Os proxectos que se benefician desta modalidade de axuda concorrerán cos demais proxectos de natureza produtiva que se presenten ao abeiro das diferentes convocatorias.

As persoas beneficiarias desta tipoloxía de proxectos son as persoas físicas, que se dean de alta no réxime de traballadores autónomos e xeren unha actividade empresarial a título individual en que polo menos creen o seu posto de traballo, sempre e cando non estivesen dadas de alta no réxime de autónomos na mesma actividade para a que se solicita a axuda nos últimos tres anos e que opten por esta modalidade de axuda na correspondente solicitude de axuda, a través do recadro que se habilitará para o efecto. A axuda poderá acadar ata un **máximo de 18.000 euros** e pagarase en dúas anualidades.

A obtención desta axuda comportará a obriga de manter a actividade durante polo menos 5 anos, contados desde a data da alta censal.



8. SUBVENCIONALIDADE DOS GASTOS.

8.1. Gastos subvencionables con carácter xeral.

Con carácter xeral, e tendo en conta as particularidades que se establecen nesta sección para cada tipoloxía de investimentos, poderán subvencionarse os gastos necesarios para cumprir coa finalidade do proxecto, sempre que o seu valor non exceda o valor normal de mercado. En particular son subvencionables:

a) A construción, adquisición e mellora de inmobles que vaian ser utilizados en relación cos obxectivos do proxecto. No caso de adquisición de inmobles, a porcentaxe subvencionable **non poderá superar o 50 % do total dos gastos subvencionables.** Deberán cumprirse os condicionantes seguintes:

- Que se achegue un informe dun taxador independente, acreditado como tal, cualificado ou dun organismo debidamente autorizado que confirme que o prezo de compra non supera o valor de mercado e que o ben se axusta á normativa que resulte de aplicación.
- O ben inmueble non pode ter sido obxecto nos últimos 10 anos de ningunha subvención nacional ou comunitaria.
- Os edificios quedarán afectos ao destino previsto durante un período non inferior a 5 anos ou o tempo que exixa a normativa sectorial.
- No caso de proxectos promovidos por entidades públicas locais ou comarcais ou polas súas entidades dependentes, os inmobles non poderán usarse para albergar servizos de carácter meramente administrativo. Terán esta consideración os servizos consistentes na tramitación administrativa ordinaria dos asuntos cuxa competencia é propia das entidades recollidas neste punto e que se prevén na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Non será subvencionable a compra de inmobles que vaian ser derrubados nin a compra de inmobles a familiares de primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, ou a socios da entidade beneficiaria do proxecto.

b) A adquisición de terreos ata o límite do 10 % do total dos gastos subvencionables.

Deberán cumprirse os condicionantes seguintes:

- Que se achegue un informe dun taxador independente cualificado ou dun organismo debidamente autorizado que confirme que o prezo de compra non supera o valor de mercado.



- Que exista unha relación directa entre a compra e os obxectivos da operación.
- Que non estean edificados ou o estean con construcións que deban derrubarse como medio para o desenvolvemento e execución da operación subvencionable.

c) A adquisición de maquinaria e equipamento novos.

